

**Festival de
cine e teatro
en Ourense**



Páxina 8

**Xornadas de
Carne de Boi
en Allariz**



Páxina 15

**Festa da
Carne en
Montederramo**



Páxina 20

**O mercado de
Tomiño acolle
a mostra
"Exodus"**



Páxina 23

**Xosé Abad e
os oficios
que están
desaparecendo**



Páxina 24

**Rampa de
Santa Luzia:
todos foram
vencedores**



Páxina 29

Ponte termal entre Europa e América Latina



Expourense celebrou en México a XVI edición da Feira Internacional do Turismo Termal, Saúde e Benestar que foi a terceira en América Latina. Foi un espazo de capacitación e formación no que profesionais de 30 países ampliaron os seus coñecementos no referente ao turismo de saúde. A presenza en feira dos principais destinos termais de América Latina e a participación como relatoras e impartindo cursos dos princi-

pais expertos mundiais do sector, consolidan a Termatalia como a principal internacional do turismo de saúde á que a práctica totalidade dos países de Iberoamérica acudiu para promocionarse no desenvolvemento dos seus recursos termais. Os expositores mostraron a súa satisfacción polos contactos e reunións realizadas e consideraron que se cumpriron as súas expectativas.

Bica Amanteada
*
Vinos da Ribeira Sacra:
Valdeorras, Albariños, Godello
*
Mel Marrón Glacé
*
Vianos
*
Productos do Bierzo

Tenda CAFÉ-BAR
Adega do
GRILO
sabor a ribeira sacra
PRAZA DO PRADO 1
T. 986 20 30 34
CASTRO CALDELAS



Letras

Por: Inma Otero Varela

As loitas silenciosas e as loitas silenciadas. Xosé Monteagudo, *Todo canto fomos* (Galaxia: 2016)

Son moitos os méritos da última novela de Xosé Monteagudo, como corresponde a unha obra complexa, no mellor sentido da palabra xa que a lectura resulta fluída grazas ao bo facer lingüístico e discursivo. O autor entretece diferentes tramas e personaxes, historias que semellan independentes, mais que cara o final o lector debe relacionar para establecer o debuxo completo da malla social dunha cidade como Pontevedra que, literal e metaforicamente, avala unha concepción holística da existencia. As condicións socioeconómicas e as políticas, e por suposto os entramados ideolóxicos que as sustentan, impregnan as traxectorias vitais de cada un dos individuos. Pero a capilaridade da historia permite que esta se vaia construíndo tamén a través das actuacións dos suxeitos, de todas as capas sociais, aínda cando as circunstancias obrigan á demora. Nese sentido, o propio desenvolvemento da novela, así como a demanda da colaboración do receptor, non deixa de ser un exercicio coherente coa concepción de como se sucede a cronoloxía dos feitos na realidade.

Hai moito da narrativa anterior de Monteagudo, sobre todo no que atinxe á sensibilidade co que se perfilan as personalidades dos personaxes, nomeadamente os que sofren, e a consideración do peso da familia na configuración do individuo. O autor concibe en ocasións a familia como unha estrutura opresora cuxa rutina de segredos, chantaxes e toma de decisións condiciona o futuro dos que ignoran o seu pasado e os fíos que os moven. A novidade é que agora o centro sobre o que gravitan case todas as tramas familiares e persoais está ocupado por mulleres, afoutas e decididas, en loita permanente co que o canon imposto polo patriarcado lles ten reservado. Tamén coas propias eventualidades do devir da historia que sanciona con extrema dureza aquelas mulleres que non se poñen ao rego e ás que se lles nega o dereito á súa propia historia. A fin de contas, todo o texto narrado por un home, o fillo dunha destas mulleres valentes, escritor de novela negra que acadou éxito no mercado en lingua inglesa, supón a tentativa, instigada por unha muller (a nai) de recuperar, desde a distancia física marcada pola súa residencia en Londres, a dignidade das mulleres

que o precederon. Dálle voz ao seu relato silenciado ao tempo que interpreta a cara oculta da súa biografía; ao tempo que asimila que a súa verdade é unha suma de consecuencias derivadas de causas que non era quen de imaxinar. Esa é unha das funcións que se realzan da escrita, xa que aquí son moitos os personaxes que pelexan por poder ler (acceder á cultura) e expresarse: rexistrar para entender, e entender para avanzar, tamén na posibilidade de amar a quen nos deixa a súa pegada.

Por outra banda, *Todo canto fomos* relaciónase cunha caste de obras que se achegan ao tema da memoria onde é difícil separar o persoal do colectivo. Estou a pensar en autores como Riveiro Coello que, ao igual que Monteagudo nesta novela, aproveita o multiperspectivismo para desvelar como a contraposición de dous modelos humanos, os que se moven por

altruísmo e coherencia cos seus ideais, e os que se moven por intereses moito máis pedestres, trazan o mural das circunstancias sociais e políticas desde finais do XIX ata practicamente a actualidade. Así, no que atinxe ao mural galego deste período, aínda que se tratan moitos máis, destaca a influencia da emigración, nos países receptores e no propio, as continxencias dalgúns personaxes históricos como Alexandre Bóveda ou Castelao e a constatación de como non sempre os pasos que dá o tempo son cara adiante. A experiencia da ditadura, aproveitada por moitos para sacar á luz o desexo latente de exercer un poder castrador, foi especialmente cruel coas mulleres que apostaron pola súa emancipación antes do 36, en grande medida pola obriga de ter que agocharse e colaborar na educación das súas fillas e fillos nunha preceptiva que as condenaba.

Nun panorama narrativo onde se premia cada vez máis a simplicidade ou o divertimento, máis ca lexítimo, propio de xéneros como o policial, *Todo canto fomos* supón unha proposta profunda e conmovedora, co engado duns personaxes moi ben debuxados que, moi probablemente, será unha das mellores novelas deste ano.



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Perdeu a oposición



Feijóo, máis ca o PP, gañou as eleccións nacionais deste 25-S, revalidando a súa maioría absoluta de 41 sobre 75 deputados e mesmo mellorando a súa porcentaxe (sobe do 45,8% ao 47,5%). O trunfo de Feijóo aséntase, evidentemente, no medio rural e nos sectores de idade máis avanzada. Porén, agás en Vigo (34,5%), obtivo bós niveis de voto, ben por riba do 40%, nos principais concellos urbanos de Galicia, demostrando que mantén apoio en todas as idades e franxas sociais. Feijóo papou grande parte dos votos de C's, que agora sobardou en moi pouco o 3% (frente á media do 7,5-8%), demostrando que as eleccións galegas son ben diferentes das estatais.

A clave desta excepcional maioría absoluta estivo na resposta política dada polas dúas forzas que competían pola segunda praza (En Marea e PSdeG, empatados con cadanseus 14 escaños). O candidato de En Marea é moi solvente, mais tivo moi pouco tempo para callar, fronte un Feijóo de universal coñecemento. Para máis, Podemos xerou en variadas ocasións tensións e desgaste no potencial electorado mareante e parte do mesmo voltou a vista a un BNG que comezou ao bordo da desaparición e rematou cun sólido grupo parlamentario de 6 deputados e case un 8,4%, cunha Ana Pontón que foi a reve-

lación desta campaña e anuncia o consolidamento dun espazo soberanista galego e máis a inversión dunha tendencia que dende En Marea xulgábase imparábel. O BNG fixo a mellor campaña.

Peor foi o resultado do PSdeG, que baixou catro escaños (de 18 a 14) e ficou un chisco por baixo de En Marea (17,8% fronte ao 19%). Neste caso, ao relativo descoñecemento do candidato Leiceaga hai que lle engadir a guerra suxa que lle fixeron o alcalde vigués Caballero e outros referentes institucionais socialistas. Para entendermos a dimensión da derrota da oposición, cómpre ter en conta que o bloque de dereitas PP-C's acada un 51% dos votos, fronte a un 46,6% do centro-esquerda, mesmo sumando Compromiso e Pacma. Se temos en conta que dende o 2004 os bloques electorais divídense aproximadamente na Galicia ao 50%, podemos ver quen ficou na casa. Esa abstención progresista fixo que os 680.000 votos de Feijóo (moitos menos ca os case 790.000 do 2009) lle deran semellante maioría absoluta.

A abstención do centroesquerda definiu as eleccións galegas. E non é mérito do PP, senón responsabilidade do conxunto das forzas da oposición.

Marta Dahlgren recibiu en Cambados o premio Plácido Castro de Tradución



A escritora, sueca de orixe e galega de adopción, Marta Dahlgren Thorsell, recibiu hoxe en Cambados o premio Plácido Castro de tradución de mans da alcaldesa Fátima Alonso e da presidenta da Fundación, Susi Castro.

No acto participaron tamén os concelleiros de cultura de Vilagarcía e Cambados, Sonia Outón e Víctor Caamaño, Xavier Senín en nome do xurado desta décima quinta edición e tamén da Asociación de Tradutores Galegos, Xaquín Chaves, autor da peza escultórica que simboliza o premio, Xulio Ríos, director do IGADI, así como numerosos veciños da localidade, familiares e amigos e amigas.

Marta Dahlgren agradeceu o apoio que

sempre atopou en Galicia para levar adiante o seu afán tradutor e reivindicou a importancia das linguas minoritarias para garantir a propia viabilidade das sociedades democráticas. Igualmente, destacou o valor da obra premiada, *Kallocaína*, de Karin Boye, unha obra que segundo dixo a impactou moito cando sendo moi nova leuna por primeira vez, e amosou a súa contrariedade polo mal momento que viven as humanidades.

O premio Plácido Castro de tradución, de periodicidade anual, quer reivindicar a dimensión tradutora de Plácido Castro, a trascendencia da tradución para o sistema literario e cultural e recoñecer o labor dos actuais tradutores e as súas obras.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



A historia do mundo é coma unha noria que vai dando voltas e voltas e sempre chega ao mesmo lugar. Se botamos unha ollada aos escritores clásicos, históricos e aínda mitolóxicos atopamos sentenzas, ideas, consellos que nos serven perfectamente para estes momentos. Parecera que estiveran vivos asistindo ás nosas trifulcas de cada día. Pero non vou amolar a súa tranquilidade para ofrecerlles unha lección de historia antiga ou de prehistoria. Traio isto a estas páxinas porque o momento así o require. Como diríamos vulgarmente, poñen as cousas “a oeufs”.

En Galicia, lembrando a un vello político, pasou o que pasou. As cousas feitas depresa e correndo, e se por riba non levan a argamasa suficiente rematan por non dar os resultados apetecidos. Non se pode ir a unhas eleccións para enfrontarse cun coloso político, que aínda que estea algo queimado, non está en chamas. Se por enriba imos forzados, pouco convencidos e deixando folgos polo camiño, mal resultado nos pode dar a empresa. Só con boas intencións non se gañan unhas eleccións (ata me saíu un pareado). En Marea deberá ter nacido un ano antes e non saír dun parto con fórceps. O resultado foi aceptable dadas as liortas de última hora para meter a todos no mesmo saco pero deixando cousas fóra que logo se voltaron en contra. Os socialistas non chegaron mellor. Xa tiñan inoculado o veneno que nestes momentos os está a destruír. Os que se presentaron con maior coherencia e moi afoutos foron os nacionalistas do BNG. Ninguén daba un duro por eles pero a base de trábalo e mos-

Galicia, España e os novos deuses mitolóxicos

trando as cartas de sempre acadaron un resultado máis que aceptable. Nin eles mesmo crían tanta ledicia. De Feijóo que podemos dicir. A máquina popular está sempre engraxada e chegado o momento, aínda que sexa tapando o nariz son coma os de Fuenteovejuna (todos a unha).

Podemos discutir-lles as súas nefastas políticas para os máis necesitados pero non lle podemos criticar o seu espírito de traballo cando se enfronta a calquera perigo. Pero voltemos á mitoloxía feita actualidade.

Antes permítame que o informe dalgunhas cousas que os medios peseristas (que son practicamente todos) non se atreven, mellor non lle permiten informar aos seus lectores. Na loita desigual entre Pedro Sánchez e os seus propios compañeiros de partido, os

chamados baróns (ten grazas, baróns dirixindo a un partido supostamente socialista), non todos tiveron o mesmo protagonismo. Houbo deuses do Olimpo socialista que teme-

varias. Sabían que Felipe González e Alfredo Rubalcaba forman parte do Consello editorial de El País? Non sei se cobran ou non. A vdes. que lles parece?

Ben, pois o Sr. Cebrían Director-

Xerente (de momento, porque ten o tempo xa marcado para deixar o cargo) e Don Felipe González, esa figura política que ten deslumbrado a medio mundo, conxuráronse tempos ha para dúas cousas: unha acabar con Podemos como fora. Aquí quero lembrar-lles as palabras de Felipe González nos anos oitenta cando dixo “al Estado hay que defenderlo de las cloacas y los desagües”. Así como recentemente na entrevista con Pepa Bueno esca-

poulle (cousas do subconsciente) “nunca tuvimos unos resultados tan malos en el País Vasco, a pesar de las cosas que hicimos allí”. A entrevistadora

non repreguntou; non podía meter a Felipito nun apuro, verdade?; pero todos nos preguntamos a que cousas se refería Felipe, tal vez a Lasa e Zabala? A que vén, logo “o cristo” montado cando Iglesias lle lembrou isto a Pedro Sánchez no congreso? O deus Cronos non permite que os seus fillos medren e lle disputen o trono. Hai que acabar con eles como sexa. Xa teñen a experiencia dos GAL. Pedro Sánchez é un pequeno bocado que se tragan sen pestanexar. Claro que pode ocorrer que igual que pasou co seme do membro viril cortado e tirado ao mar nacera afrodita, agora pode rexurdir un novo adonis que namore a todo o partido. Que facer logo?, seguiremos cortando cabezas.

Non é non, dicía Pedro Sánchez e os seus escudeiros. Agora os autores do golpe de estado partidista están remoendo e non saben por onde saír. Rajoy crecido, sabendo que lle van dar o goberno, xa subiu o listón; agora non lle chega unha abstención; agora quere asegurarse o goberno por toda a próxima lexislatura cos presupostos aprobados co voto do PSOE.

Pobres “barones”! Quen o diría! Un partido que presume de traer a democracia e a sociedade de benestar nas mans dun partido de corruptos e impre-sentables.

Lembrando a Rosalía temos que dicir aquilo de “España sen políticos quedas que te poidan representar dignamente”.

Que vdes. sexan felices.



Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) – Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – L. Mtnez. Risco – Fco. Peña – Nemesio Barxa – Andrea GORO – Anxo Mena – I. Otero Varel – Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: – Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS VASCO: Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69


redaccion@novasdoeixoatlantico.com



Eleccións

Total Galicia

PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	41	676.676	47,53 %
EN MAREA	14	271.418	19,07 %
PSdeG	14	254.552	17,88 %
BNG-NÓS	6	118.982	8,36 %



Parlamentarios PP



Álvaro Pérez



Alberto Núñez Feijóo



Alfonso Rueda



Antonio Rodríguez



Aurelio Alfonso



Beatriz Mato



Carlos Enrique



César Manuel Fdez



Cristina Romer



Daniel Luis Varela



Diego Calvo



Ethel María Vázquez



Francisco José C.



Guadalupe Murillo



Ignacio López



Jesús Vázquez



José Castiñeira



José González Vázquez



José Manuel Balseiro



José Manuel Cores



José Manuel Rey



María Ángeles Vázquez



María Susana López



María Encarnación A.



Marisol Díaz



Marta Nóvoa



Marta Rodríguez Anas



Marta Rodríguez



Martín Fernández



Miguel A. Santalices



Miguel Ángel Tellado



Moisés Blanco



Nava Castro



Paula Prado



Pedro Puy



Raquel Arias Rodríguez



Román Rodríguez



Rosa Maria Quintana



Sandra Vázquez



Teresa Egerique



Valeriano Martínez



Parlamentarios En Marea



Ángeles Cuña



Antón Sánchez



Carmen Santos



David Rodríguez



Eva Solla



Francisco Casal



José Manuel Lago



Juan José Merlo



Luca Chao



Luis Villares



Magdalena Barahora



Marcos Cal



Paula Quintero



Paula Vázquez

Parlamentarios PSOE



Abel Losada



Begoña Rodríguez



Concepción Burgo



José Antonio Ouroga



José Manuel Díaz



Jose Manuel Pérez



Julio Torrado



Luis Manuel Álvarez



Luisa Pierres



Maria Dolores Toja



Noelia Blanco



Patricia Vilán



Raúl Fernández



Xoaquín María

Parlamentarios BNG



Anta Pontón Mordelo



Monserrat Prado



Noa Presas



Olalla Rodil



Xosé Luis Rivas



Xoxé Luis Bará



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema



Portas xiratorias e xarróns chineses

O máximo órgano do PSOE estatal entre Congresos causou a dimisión de Pedro Sánchez, ao rexeitar por maioría absoluta a súa proposta para a convocatoria axiña dun Congreso Extraordinario con primarias directas para elixir o novo Secretario Xeral. Os baróns e as portas xiratorias, guiados polo xarrón chinés Felipe González, determinan, outravolta, a caída dun Secretario Xeral elixido directamente pola afiliación.

A necesidade de remover Pedro Sánchez había ser moi importante para que estes baróns e portas xiratorias asumisen o dano orgánico e reputacional que esta crise lle ten xerado e lle xerará aínda ao PSOE. Esa necesidade concretábase na

continuidade de Mariano Rajoy como presidente do Goberno do Estado, evitando un Goberno alternativo que se enxergaba no horizonte, baseado nos alicerces do PSOE, Unidos Podemos, En Marea, Compromís e demais confluencias e coa aprobación tácita do PNV, ERC e os exconverxentes do PDC.

Como queira que este non nato Goberno alternativo non ía facer revolución ningunha nin tampouco recoñecer de primeiras o dereito a decidir de Catalunya e das demais nacións do Estado, cál era o problema? O problema tiña varias facias

nas. A da corrupción, onde PP e PSOE andaluz partillan claros obxectivos de dilución das variadas fronteiras xudiciais ás que concorren. A do mantemento dunha distribución do Poder Territorial xa fracasada, afondando nunha recentralización que só beneficia á inviolable macrouberbe madrileña e aos seus axentes financeiros políticos e mediáticos. E a das grandes empresas dos sectores regulados, que querían garantir a continuidade dos marcos normativos favorábeis á concentración bancaria, á grande distribución eléctrica e aos intereses recentralizadores

e privatizadores dos grandes grupos construtor-concesionais. Grandes empresas que dominan ao 100% o ámbito comunicacional de Madrid, que exporta doutrina ao Estado todo. Velaí o triste espectáculo do xornal El País e dos informativos estatais da SER, definitivamente abducidos por esta Santa Alianza. Velaí que este vello PSOE, moi consciente da limitada, pero substancial reforma que se achegaba, preferira salvar o peor do sistema da transición antes de ofrecer unha alternativa viábel para transformalo.

Un home moi cabal, que coñezo desde hai tempo, estaba

todo enfadado co resultado das eleccións. Eu tentaba – sen éxito algún – dicirlle as miñas razóns, se que as teño, para diluír o seu cabreo e comprimir os feitos entre cifras e letras, porcentaxes e infumables datos. Realmente é ben difícil. Despois de intentalo varias veces, acabei por dicirlle que a maioría da xente se deixara ir, levados de tantas promesas e proclamas, de – en definitiva – tanta insis-

tente mentira. Pero el preguntábase en voz alta, enfadado, como era posible ser tan obtusos para chegar aquí con estes resultados. Por suposto, os dous temos outras ansias de gobernos e soñamos outro modo de vivir. El é un cidadán responsable e correctísimo, consciente e xuízoso, consecuente e por exemplo, aínda que resulta máis caro, sempre merca produtos galegos para o seu consumo diario e o da familia, sempre quixo leite galego, peixe galego, confección de aquí, todo de aquí! Ten conciencia de país, pero o outro día cambiou de trécola. Por un momento sentiuse colaborador dos que traizoan, co seu voto, a nosa propia causa. Comprometeuse xa, despois de dar

moitas voltas ao asunto, a mercar o que lle resultase máis atractivo ou económico, esquecendo ese filtro sensato de sentir –se é que se pode chamar así. Deixábase, desde xa, de preferencias e de loitas por primar o noso antes do alleo. Estaba en plena filosofía liberadora do enfado, para sentirse causa no país. Trocou o pensar e o facer, agora razoaba e dicía que “total, ...despois de ver os enfados e as folgas dos gandeiros, dos produtores de carne e leite, de patacas tiradas de prezo, de peixe sen cotas e sen posibles de supervivencia, dos constantes controis e desesperos do proletariado para seguir acaravillados a impostos, dos autónomos que non dan pagado a seguridade social

nin os ives prematuros e abusivos, dos sanitarios en pé de guerra, dos ensinantes e pais de alumnos, e tododiós castigados de xeito tan escandaloso, como é posible este resultado?”. Todos eles saben das infinidades listas de corruptores e corruptos, de favores, de amiguismos, de destrución de probas, de manipulación da xustiza, de evasións e perdóns a amigos e bancos, empresarios millonarios que non pagan aquí e que gardan en paraísos fiscais, e un longuíssimo etcétera, como é posible que os que permitiron tamaña desfeita sexan agora os que gañen as eleccións? Pois se así foi, comigo que non contem! Deixarei de comprender porque son os primeiros en dobarse e someterse. Eu non

participo nin participarei, nin serei cómplice do abuso, tampouco lles penso botar unha man para que despois me traizoen e escoltan este suicidio, empezando polo sector no que eles mesmos traballan. E seguía baduando, recalcaba que nunca, os que gañaron, defenderon a Nosa Cultura nin a Nosa Lingua, antes ben, ferírona de morte, unha vez máis, como fixeron cos todos os nosos dereitos sociais. Ben saben, dicía referíndose aos votantes, que ademais de amnistías fiscais para os seus amigos, mercaron o poder dos medios de comunicación que multiplican as súas mentiras e defenestran aos contrarios cuns linchamentos innomeables, persecucións e demonizacións,

declaracións perversas infundadas, titulares tendenciosos, invencións de sospeitas, xefes de prensa e de campañas que orquestran contos para, mentres, silenciar os seus delitos. Son unha máquina de nepotismo! Pobre o meu amigo, estaba triste pensando nos catro anos que nos veñen, chegou a dicir que comprendía o voto a calquera outro partido, calquera, pero nunca o dado a aqueles que tanto castigaran á clase media e traballadora, tamén aos marxinalizados. Pobre del que non entende o medo, pensei eu, ese que desencadea unha conduta cega e aplaca mesmo os escrúpulos morais das persoas. Non sabe que o medo provoca esta resignación en obediencia. Moitos escolleron quedar así, co pouco que lles queda antes que quedar sen nada!



Baldomero Iglesias Dobarrío
Mero

Por Nemésio Barxa

Para chorar

Na noite electoral, o pasado día 25, o que menos entendim foram os complacentes comentarios e os sorrisos dos perdedores, Villares celebrando o mínimo sorpasso (com um Beiras exultante erguendolhe o brazo), Leiceaga porque aínda podería ser peor e Ana Pontón, mais comedida, que podía celebrar seu éxito pessoal de recuperación do nacionalismo. Mas o certo é que ninguem debería estar para sorrisos; mais bem para chorar intensamente. Na sua cativez nenguem havia sido capaz, nem em conjunto, de desbancar a malevola política do PP, que nos aboca a outros quatro anos de miseria, de retroceso nos direitos culturais e lingüísticos de esta nação, á

corrupção, ao abandono de toda política energética, peixeira, de defesa das Rias, de defesa do monte, de melhora de calidade de vida, etc.

Na noite do trágico día eu pensava como teria que adequarme ao concepto, ao parecer imperante, da nova sociedade para se não triunfar nela polo menos não aparecer como anacrónico discrepante. Repasei meu armario e comprovei que tinha varias prendas de color azul (a color de moda, a que enche o mapa de Galiza), polo que decidim, para iniciar a conversão, que me vestiria de azul. Depois matinei que se por acaso alguma moza se interesava por um posto de trabalho no meu escritorio deveria previamente solicitar favores sexuais; e aqui foi meu primeiro tropezo pois dada minha idade tal vez eu seria o mais castigado com trabalhos preparatorios que ao pior nem rematva. Se-

guim buscando e lembrei que deveria facer amizade com narcocontratantes... mas, por muito que fizem trabalhar minha memoria, não atopei no meu entorno narcotraficante algum que me pudera convidar a navegar. Deveria provavelmente rejeitar qualquer debilidade de solidarizarme com vitimas das preferentes, dos despejos, dos marinheiros sem trabalho, dos labregos abandonados nas terras incultas; encolheu-se-me o coração de só pensalo. Ah! algo havia que do que incluso poderia tirar alguma vantagem: roubar aos meus convizinhos que tanto alegremente haviam consentido que lhes furtassem todo o seu capital imobiliario e artístico nas antigas Caixas de Aforros; nova decepção, nem tinha possibilidades (nem sentimento para facelo) nem iam restando bens dos que apoderarse... tal vez os montes vizinhos. Cetamente

foi uma longa noite tratando do meu “atualização” nas novas costumes sociais para constituirme num respeitavel cidadão e fiquei no convencimento de que seguraria sendo esse individuo raro, inconformista, amante da sua nação, da sua cultura. das suas gentes, defensor de causas perdidas... falando em galego com a indiferencia de uns e a beligerante actitude de outros. Não era um pesadelo, ficava totalmente desperto e arrepiado.

Agobiado polo fiasco da minha posta ao dia para deambular como triunfador na nova sociedade ou polo menos passar desapercibido, resignei-me a seguir sendo um “rarito”, excentrico, atemporal.

Mas, por se acaso, á manham seguinte tirei um terno azul, camisa, calcetins e sapatos azuis e pareceu-me, na rua, que a gente me mirava com mais simpatia.

Quinta do Limoeiro, setembro 2.016.





Por: Carlos Méixome

O empacho foi moito. Mesmo algunhas convidadas contiveron, con dificultade, as arcadas; outras non foron quen e arroxaron o viño acedo e excesivo. A saturación foi tanta que ata os pragmáticos renegaron do “que haxa eleccións para ver se invitan a algo”.

Entre maio de 2015 e setembro de 2016, houbo catro enchentes de papeletas, sobres e urnas. A fatura, e as présas, deixaron a uns con arrebatadores momentos de triunfo, virados, de súpeto, en depresoras frustracións; outros pasaron de que lle rexeitasen o convite a sentirse únicos pretendentes; os de máis alá, no seu intento de saír do pozo no que caeran, fóronse agarrado aos ramallos que puideron pero todos lle foron partindo e afundíronse a si mesmos; os de máis acó remataron ledos por pasar do estado de coma ao de respiración asistida. O que ficou evidente, para desgusto de moitos, é que as cousas xa non son como eran.

Mentres en España non dan arranxado porque o réxime do 78 segue en crise, polas dificultades para consolidar un goberno das grandes empresas, pola incapacidade das auto-reclamadas esquerdas tanto de poñerse de acordo como de non ser quen de acollerun proxecto confederal, ou cando menos federal crible.

Entre nós, houbo un claro vencedor, o espazo avellentado, conservador, de ir tirando, do “mal menor”, de “que nos deixen en paz”, de que non queremos a lea de Madrid...; e un claro derrotado, o que pretendía anovar, innovar, debater, recuperar dereitos perdidos e esperanzas frustradas. Pero aínda máis masivo foron os que ficaron na casa ben porque a autonomía non lles importa, ben porque as alternativas aos de sempre non foron quen de ilusionalos, ben porque saiban que tres alternativas non son quen de derrotalos ou ben porque non confiaron na capacidade de entendemento como algúns teñen demostrado irresponsablemente na corte capitalina española.

No noso país, as elites políticas e económicas forxa-

das despois de 1936 mantéñense invariablemente no poder. Oito décadas nas que só cederon, con morneza, catro ou cinco anos. Non foron, as alternativas ao bipartidismo, o suficientemente espelidas como aproveitar en plenitude o ciclo do cambio; pero este aínda non rematou e agrávase co declive dos modelos partidarios do século XIX. O pulso entre as faces bipartitas resolveuse cun claro vencedor e un derro-



tado estourado e en serio perigo de ser subsidiario. Nos ámbitos alternativos xorde, con forza, un espazo que segue a ser insuficiente e inestable, sobre todo polos desaxustes na súa composición, e outro que se consolida na inoperatividade do 8%.

Esta realidade é interpretada polos medios: o éxito dos conservadores é importante non para a cidadanía galega que foi a que votou, senón para resolver o entorto de Madrid; o sorpasso predito, pola mesma razón, para forzar un goberno da dereita que poida aglutinar deputados para combater o “desafío catalán”, cumprir coas receitas austericidas da troika e impedir hipotéticas alternativas de goberno; finalmente, os de máis alá, fracasan porque non teñen o éxito que os medios dicían que tiñan que ter, e os de máis acó teñen éxito porque o fracaso foi menor do que se agardaba.

En principio teremos, ata maio de 2019, un largo período sen confrontacións electorais, tempo, aparentemente, suficiente para que as forzas alternativas sexan quen de coordinarse, facer visible o seu traballo lexislativo e de control do executivo, e que este, cos

seus matices, sexa a base dun programa de goberno común da esquerda nacionalista galega e da esquerda non-nacionalista-española, coa seguridade, transmitida por persoas concretas, de que ese programa de goberno conxunto só se pode sostener nun amplo e dúctil consenso en todo o que se poida, e o que non se poida fique, temporalmente, fóra do programa común. Se estas condicións non se co-

ciñan con tento e séguense presentando fraccionados en tres alternativas non vai ser moi doado desaloxar do poder aos que consideran que exercelo é algo conxectivo a si mesmos, un traballo exclusivo deles, isto é, dos de sempre, e aos que, tarde ou cedo, todo se lles perdoa, que enchufen na administración fillos, parentes, amigos ou coñecidos do partido; que rouben e dilapiden o que poidan (total se eu estivese no seu lugar faría o mesmo !!!, escóitase). Nos centros comerciais hai doses baratas de moralina para estas ocasións e para os casos máis extremos hai unha mancha de ONG algunhas moi xeitosas para sandar as malas consciencias peseteiras (lease euros). Por iso sería moi importante aglutinar as dúas alternativas que poñen ben en dúbida ou ben abertamente en cuestión o réxime do 78. Se esta unidade popular non se consegue, é moi alta a posibilidade de que o goberno do PP, máis ou menos castigado pola xustiza, chegue sen moito desgaste ás lexislativas de 2020 e poida facer un relevo tranquilo para encetar un ciclo de tres ou catro lexislaturas máis. Entón xa non estaríamos en oito dé-

cadados do mesmo senón nun século de estulticia, rapina, ineptitude, falsidade, mentira, meter a man no peto, chulerías e macarradas varias... para que seguir...

Un pesimista seica é un realista ben informado pero é moi importante que empregue con tino a vontade de corazón que é o que pode axudar a mudar realidades indecentes. Hai evidentes posibilidades e urxentes necesidades para que esas mudanzas se produzan: deterioro dos servizos públicos; parón do sector industrial; latrocinio das grandes transformadoras e distribuidoras sobre os produtores agrarios; ameazas sobre as pensións; fuga da mocidade, avellentamento poboacional, que non sexamos atractivo para ninguén (nin para os capitais, nin para a man de obra); deterioro do medio; necidade cultural, desprezo á lingua o abandono do patrimonio construído... para que seguir.

Ora, neste proceso de sucesivos confrontacións electorais ficou claro que o sistema de partidos nas tres nacións negadas que xa era diferente agora aínda é menos homologable ao do conxunto de estado. En Cataluña e no País Vasco, nin PP nin PSOE suman apoios para gobernar en Madrid en solitario; en Galicia este último esta moi minorizado. A situación é ben grave para o PSOE que non poderá gobernar sen un bo número de deputados cataláns, especialmente de Barcelona. Como tamén terá eses problemas Podemos se non é que de tirarse a caspa española e establecer alianzas confederais con movementos próximos pero que van facer da súa cuestión nacional a pedra de toque. Os comúns en Cataluña, as mareas en Galicia e Compromís en Valencia, pero tampouco se sabe moi ben que pode pasar coa reformulación de Podemos en Andalucía e no País Vasco e por riba terán que contar cos abertamente independentistas do País Vasco e de Cataluña, cos máis duros pero tamén cos máis mor-

ron porque seica non tiveron tanto éxito como outros agardaban e aqueles que se resisten a que os do IBEX35 lle dean golpes de estado no seu propio partido. Se o PP tivo 676.676, as tres forzas alternativas sumaron 644.952; os demais partidos que concorreron (87.820); en branco e nulo (28.463), e nin máis nin menos que 816.669 persoas se abstiveron, 36,25% do censo. Así que cunha simple suma houbo 1.577.904 persoas que non votaron ao PP e só 676.676 que si o fixeron, pero estas danlle o poder absoluto para elaborar as leis que desexen e aplicalas da forma que consideren. Un exceso.

Se o PP tivo 676.676, as tres forzas alternativas sumaron 644.952; os demais partidos que concorreron (87.820); en branco e nulo (28.463), e nin máis nin menos que 816.669 persoas se abstiveron, 36,25% do censo. Así que cunha simple suma houbo 1.577.904 persoas que non votaron ao PP e só 676.676 que si o fixeron, pero estas danlle o poder absoluto para elaborar as leis que desexen e aplicalas da forma que consideren. Un exceso.

A cidadanía galega ben se merece o esforzo dun xeneroso entendemento e o esquecemento de patriotismos de partido para corrixir esta anomalía e poder estar presente na próxima reforma constitucional que, máis cedo que tarde, se terá que producir e da que podemos ficar excluída, sen acadar cotas semellantes ás outras nacións ou ben sendo empregada como limitadora dos dereitos nacionais.



Galicia

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foro ST0: Santiago Turismo



O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, inaugurou esta mañá o Foro ST0: Santiago Turismo Ordenado, "Repensando a relación entre o Turismo e a Cidade". Martiño Noriega sinalou que este encontro debe ser "un punto de partida para renovar o Plan Estratéxico de Turismo, nun proceso no que ten que haber escoitas activas cos representantes do sector". O rexedor compostelán recoñeceu que "a interlocución co sector é unha materia pendente, que o Goberno está intentando superar con medidas como a celebración deste Foro ou a convocatoria do Consello

Municipal de Turismo, que non se reunía desde o ano 2010". O alcalde lembrou que "estamos en ano récord para o turismo, pero queda moito que mellorar en cuestións como as noites de pernocta".

Participación do sector

A concelleira de Turismo entende que a participación do conxunto dos sectores é imprescindible para diagnosticar os problemas e oportunidades da actividade turística en Santiago e para afrontar cuestións como os desafíos económicos, os custos dunha boa promoción, o papel da Administra-

ción local e a definición dun papel mais activo do sector

Mesas de debate

Ás mesa de debate de hoxe foron convidadas persoas representantes do sector turístico (aloxamentos turísticos, restauración, transporte, organización de eventos, intermediación turística, comunicadores, planificadores...) pero tamén da veciñanza, doutros sectores económicos, da administración nas súas diversas escalas e do ámbito relixioso. O foro dividiuse en tres mesas de debate: turismo e sostibilidade, rela-

ción do turismo cos espazos urbanos e a terceira abordou a relación entre as persoas que visitan Compostela e a veciñanza, co foco posto na capacidade de acollida dos propios destinos turísticos.

Consello Municipal de Turismo

Quedou constituído o Consello Municipal de Turismo, que levaba sen reunirse dende xullo de 2010. Nel participaron os grupos políticos con representación no Pazo de Raxoi e os axentes estratéxicos do sector turístico como a Asociación Hostalería Compostela, Universidade de Santiago, Turismo de Galicia, Guías Turísticos de Santiago, Asociación de Intermediación de Produtos Turísticos de Viaxes de Galicia (AGAVI), Compostela Monumental, Fundación Santiago Centro, Cidade da Cultura ou Unión de Consumidores de Galicia.

Na xuntanza definiuse tamén o calendario de reunións do Consello, acordándose que será cada tres meses e designouse a persoa experta en Turismo entre tres perfís solventes. O Consello decidiu elixir a Xosé Manuel Santos Solla, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e experto en xeografía do turismo

Dez millóns de euros para Desenvolvemento Urbano



■ Martiño Noriega e Jorge Duarte durante a rolda de prensa.

Santiago vai recibir dez millóns de euros de fondos europeos FEDER para poñer en marcha as accións recollidas na súa Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI). O Boletín Oficial do Estado publicou a resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que sinala que Compostela será unha das cidades beneficiadas polo Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, que repartirá en Galicia algo máis de 83 millóns de euros. O alcalde, Martiño Noriega, e o concelleiro de Espazos Cidáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, Jorge Duarte, deron conta da resolución, "unha moi boa nova para a cidade, que se beneficiará duns investimentos que van incluso máis alá do que foi no seu momento o programa Urbana Santiago Norte". Ese proxecto, concedido en 2011, supuxo investimentos por algo máis de 11 millóns de euros, dos que 8 millóns procederon de fondos FEDER. Ademais, o alcalde sinalou que, a diferenza do Urbana, a EDUSI non ten unha limitación xeográfica senón que se estenderá a todo o ámbito municipal. Tras a publicación no BOE, o Concello ten agora un prazo de dez días para comunicarlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que acepta a subvención, e a partir de aí priorizaranse as accións a executar. Jorge Duarte explicou que o Concello de Santiago solicitara inicialmente 15 millóns de euros, dos que lles foron concedidos dez. A esta cifra sumaranse dous millóns de euros máis procedentes das arcas municipais (o 20% do investimento previsto). O concelleiro de Espazos Cidáns sinalou que tamén será preciso "reanualizar as actuacións contempladas na EDUSI, posto que estaba previsto que o Ministerio de Facenda fixera pública a resolución a finais de maio e a decisión demorouse ata outubro".

O alcalde de Santiago foi pregoeiro en Oviedo

Martiño Noriega, alcalde de Santiago, abriu as festas de San Mateo en Oviedo cun pregón en asturiano e castelán dedicado ao Camiño Primitivo e ao Real Oviedo, desde os balcóns da Casa Consistorial. Puntual, ás

oito da tarde e coas campás de San Isidoro de fondo, Martiño arrincou o seu pregón -o seu primeiro, como recoñeceu- presentándose en asturiano. "Llá-mome Martiño, soi el alcalde de Santiago de Compostela y nun toi aquí a título individual,

tampoco nun toi representando nenguna opción política", dixo. "Todos os Camiños comezan en Oviedo", apuntou o santiagués, que confía no ascenso dos azuis "porque llo debemos á cidade e a Esteban". Noriega deu paso ao chupi-

nazo. A encargada de apertar o botón foi Diana Navarro, a cantante que pouco despois actuaría ante a Catedral. Martiño Noriega non se esqueceu do Real Oviedo, o que levantou os primeiros aplausos. E fíxoo recordando "o único campionato de fútbol organizado conxuntamente entre Asturias e Galicia no ano 1935". Os azuis fixéronse co triunfo goleando ao Sporting no Molinón (0-5) con goles de Lángara (3), Herrerita e Emilín. "Digo eu que algo de sorte os galegos debemos dar", chanceou. De igual forma non se esqueceu de sinalar como en 1994 o Compostela subiu a Primeira tras un partido ante o Raio Vallecano disputado no antigo Tartere. Neste punto o alcalde mostrouse convencido de que a próxima tempada os azuis estarán na liga das Estrelas.



■ Martiño Noriega co alcalde ovetense Wenceslao López (PSOE).

Redacción A CORUÑA

Arrinca a programación escénica do Centro Ágora co ciclo 'Ilusiooóh!n'

O espazo municipal acollerá ao longo deste outono seis espectáculos que fusionan diversas disciplinas artísticas



A Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento, área dirixida por José Manuel Sande, vén de anunciar comezo da programación escénica deste outono para o público adulto no Centro Ágora coa nova tempada de Ilusiooóh!n, o ciclo municipal que propón espectáculos que nacen da fusión de distintas disciplinas artísticas. En total, serán seis pezas de creación contemporánea as que se representarán deste esta fin de semana até o domingo 18 de decembro, e nas que se incorporarán e combinarán elementos como a danza, monicreques, maxia, videoprojecións ou artes circenses. O espectáculo Um belo día, de Dulce Duca, inaugurará esta tempada o sábado ás 20.30 horas.

En outubro tamén pod erá verse a peza Rudo, de Manolo Alcántara --gañadora do premio Umore Azoka 2014 ao Mellor Espectáculo, así como o recoñecemento como Mellor Espectáculo nas Noites Fetén 2015--, que ofrecerá unha dobre función o domingo 23 de outubro; e Kassa, da compañía coruñesa Elefante Elegante, unha obra centrada na problemática da vivenda e que se representará o 28 de outubro. Xa no mes de novembro, o martes día 1, a compañía circense Ío levará ao escenario do Ágora o seu primeiro espectáculo, Contiguo, e o Teatro da Didascalia ofrecerá a creación One Man Alone o domingo 20 de novembro. Finalmente a peza Solos, de YmedioTeatro, pechará a tempada de Ilusiooóh!n o domingo 18 de decembro.

Limpeza á paxareira de San Diego e adaptación como espazo para hortos educativos

A Concellería de Medio Ambiente procedeu durante este mércores a realizar unha limpeza exhaustiva na paxareira de San Diego, que pasará a converterse neste vindeiro curso nun recinto de hortos educativos susceptible de empregarse polos centros educativos e outros colectivos da cidade como espazo pedagóxico e de contacto coa natureza. Como avanza a concelleira desta área, María García, ao longo deste curso, alumnas e alumnos do CEIP Sal Lence disporán xa deste recinto para crear, no novo ciclo de plantación que terá lugar na primavera, un horto de especies comestibles e herbas aromáticas, entre outras plantas. Os traballos de limpeza desenvólvense logo de que o Concello decidise, o ano pasado, pechar a instalación como paxareira e trasladar as aves, na procura dunhas mellores condicións naturais e hixiénicas, e por non adaptarse a instalación á lexislación vixente para usos zoolóxicos --por carecer esta de

servizos básicos como baños, non dispoñer de separacións para os distintos tipos de especies animais ou a falta dun programa de investigación obrigatorio para esta clase de instalación, que tampouco estaba dada de alta como núcleo zoolóxico--.

Na xornada de hoxe, o equipo técnico está a realizar unha limpeza integral do substrato vexetal da antiga paxareira, para a eliminación de follas, ramas e outros residuos e continuar así co proceso de adaptación aos seus futuros usos. Nas próximas semanas, o Concello sacará a licitación o proxecto para hortos educativos.



Presentación "Exposición Galicia 100"

A exposición Galicia 100, chega á cidade e busca dar a coñecer o relato da cultura galega a través dun cento de pezas simbólicas, dende a prehistoria até os anos 90. Á presentación acudiu o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, quen agradeceu tanto a Afundación como ao Consello da Cultura Galega "traer á nosa cidade unha exposición como esta na que poderemos gozar de coñecementos que versan sobre reis e elites, pero tamén sobre calquera persoa do común, porque unha humilde maleta ou unha simple botella de auga son perfectamente válidas para contar a historia deste país, como así se comproba nesta exposición". Sande destacou os obxectos patrimonio da cidade da Coruña que forman parte desta exposición. "Os torques, a espada de


Isorna, o Machado de Talón, o Muíño de Man, ou algunha das xoias (como a composición do Himno Galego) que a Real Academia garda na súa sede da Cidade Vella son outros dos obxectos que fan grande esta mostra, que reivindica ás Irmandades da Fala, nadas nesta cidade hai un século, ou á primeira gravación comercial de música galega, que tamén tivo lugar aquí", destacou o concelleiro.



Recepción ao deportista coruñés Alberto Seoane

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, recibiron esta tarde, no Pazo de María Pita, ao deportista coruñés Alberto Seoane, que vén de participar nos Xogos Paralímpicos de Río. O rexedor destacou a este profesional, "que como o resto dos e das grandes deportistas desta cidade leva o nome da

Coruña por todo o mundo". "Pero, ademais, neste caso, Alberto é exemplo e orgullo de miles de persoas, xa que nos recorda a igualdade que radica dentro das diversidades", explicou. Ao fío, o primeiro edil recordou "o compromiso do Concello de facilitar a inclusión de todas as persoas en todos os ámbitos da sociedade, por suposto, tamén no deportivo".



Galicia

Redacción LUGO

O PP de Monforte lamenta a escasa publicidade que o Concello fixo do curso sobre Cervantes e o Conde de Lemos



■ Casa Consistorial de Monforte de Lemos.

O Grupo Municipal do PP de Monforte critica a escasa divulgación e publicidade que o Concello de Monforte lle deu ao curso “Literatura e Mece-nado do século XVII: Cervantes, Don Quijote e o Conde de Lemos”, celebrado para conmemorar o cuarto centenario do pasamento do autor. A voceira dos

populares, Julia Rodríguez considera que “como consecuencia da falta de iniciativa do rexedor, a participación nesta actividade foi mínima”. Rodríguez lamenta que “unha vez máis, e por culpa da incapacidade do alcalde socialista, perdemos unha extraordinaria oportunidade para poñer en valor o importante vínculo que

une a un dos autores máis destacados da literatura universal coa nosa cidade e co Conde de Lemos”. Os populares critican tamén que o alcalde non tivese en conta “que a data e hora de celebración da actividade son incompatibles cos horarios dos universitarios, de aí o escaso público que acudiu aos relato-

rios”. A voceira popular destaca “a altura dos conferenciantes e a calidade das exposicións” pero lamenta “a mínima divulgación” que se lle deu á actividade e “a torpeza do alcalde” para a elección da data de celebración das mesmas “que son incompatibles para que participen os universitarios, que son os que terían interese en conseguir os créditos de libre elección que se lles poden recoñecer coa asistencia ás ponencias”. Explica que o nivel dos relatores pedía, como mínimo, que a promoción se fixera a nivel autonómico.

Potencial sen explotar

Os populares consideran que o rexedor monfortino “non está aproveitando o enorme potencial que este tipo de actos poderían ter, coas consecuencias positivas que traerían á nosa cidade”. Julia Rodríguez critica ademais “o cinismo do alcalde”, quen nunhas recentes declaracións aos medios de comunicación dicía que dende o Concello vían “un filón turís-

tico na relación entre Cervantes e Monforte”. A voceira preguntalle ao rexedor “en qué momento se aproveitou ou se pensa aproveitar este ‘filón turístico’ pois recórdalle que o Goberno local monfortino para conmemorar o pasamento deste importante autor “só levou a cabo un breve acto a finais do ano pasado e agora este curso, que queda á vista que non soubo explotar nin divulgar”. “Interesouse tanto polo ‘filón turístico’, como o señor Tomé o define, que en todo o que levamos de ano non foi incapaz de organizar nin un só acto, nin tan sequera na data do 23 de abril cando se conmemoraban os 400 anos do falecemento de Cervantes”, critica a popular. Julia Rodríguez engade que o PP non pode máis que criticar “a hipocrisía do alcalde que non deixa de referirse e tratar de gañar un titular co ‘filón de Cervantes’ ou a importancia do Camiño de Inverno cando despois o pouco que fai non o divulga adecuadamente e incluso torpedea o que queren facer os demais”.

A raíña Letizia en Mondoñedo



A raíña Letizia inaugurou oficialmente en Mondoñedo (Lugo) o curso escolar en España, en concreto desde o IES Plurilingüe San Rosendo, onde departiu cos alumnos e docentes. Dona Letizia foi agasallada cunha réplica da Catedral de Mondoñedo; con tomates, polo prezada que é a horta do lugar; e cunha tradicional torta de Mondoñedo. A torta de Mondoñedo, unha sobremesa tradicional inspirado en

receitas medievais, elabórase con bizcoito, almíbar, hoxaldre, amendoas crúas, cabelo de anxo e froitas (figos e cereixas), e cocíñase ao forno. Neste centro educativo, un dos máis antigos da provincia lucense, xa que abriu no curso do 1953-1954, os ciclos superiores que se imparten son o de Xardinería e o de Xestión Forestal e do Medio Natural e, ademais, hai Bacharelato e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

ArteSanFroilán



A alcaldesa, Lara Méndez, e o vicepresidente da Deputación, Álvaro Santos inauguraron a feira ArteSanFroilán organizada polo orga-

nismo provincial, que se celebra na Praza Anxo Fernández Gómez, en horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas ata o día 12 de outubro.

Descontos en balnearios para maiores de 55 anos



■ Balneario de Augas Santas en Pantón, do Grupo Oca Hotels.

A Deputación abriu o prazo de inscrición do seu Lugo Termal 2016, o programa que potencia o benestar social e o turismo termal, ofrecendo a lucenses maiores de 55 anos un total de 600 prazas subvencionadas nos catro balnearios da provincia. Isto permite recibir tratamentos terapéuticos con prezos especial ou descontos de ata 60 euros nos seguintes esta-

blecementos: Hotel Balneario Augas Santas, en Pantón; Hotel Balneario Río Pambre, en Palas de Rei; Hotel Balneario Guitiriz e Hotel Balneario de Lugo Termas Romanas. O modelo de solicitude está publicado en www.deputacionlugo.gal. Os interesados en solicitar praza deben cubrir e entregar este formulario no Rexistro da Deputación. As prazas concederanse por rigorosa orde de so-

licitude. No caso de resultar seleccionado como participante do Lugo Termal 2016, a Deputación porase en contacto co usuario para asignarlle un balneario e unhas datas en función da petición que realice e da dispoñibilidade dos establecementos termais. A continuación, facilitaráselle un bono, que terá que presentar, obrigatoriamente, o día da recepción/entrada no bal-

neario. Dito bono terá que ser recollido na área de Benestar Social da Deputación de Lugo. As prazas subvencionadas da Deputación nos catro balnearios están a disposición de todos os lucenses maiores de 55 ata decembro. A distribución das 600 é a seguinte: o Hotel Balneario de Lugo Termas Romanas conta con 30 prazas; o Hotel Balneario Augas Santas 235 prazas; o Hotel

Balneario Río Pambre 100 prazas e o Hotel Balneario Guitiriz 235. Os paquetes no que se ofrecen descontos de ata 60 euros a través da subvención da Deputación de Lugo son os seguintes: 6 días con 5 noites de estancia, no que o día de entrada é o domingo e o de saída o venres. Son 5 pensións completas. Inclúe 8 técnicas de saúde, un recoñecemento médico á chegada, un programa de animación sociocultural de luns a xoves, asistencia especializada e programas específicos para persoas con problemas de mobilidade ou incapacidade. Todo isto por un prezo máximo de 190 euros. 20 técnicas terapéuticas durante 10 días, sen necesidade de estancia. Ten un prezo especial, con desconto. Posibilidade de prolongar a estancia no balneario tras rematar o paquete subvencionado pola Deputación. Tamén cun prezo especial, con desconto. En anteriores convocatorias, foron 5.000 os lucenses maiores de 55 anos os que se beneficiaron dos descontos da Deputación de Lugo para acceder e gozar de tratamentos terapéuticos nos balnearios da provincia.

Constituíuse a Mesa Provincial dos Camiños de Santiago

O presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos Conde, inaugurou o acto de constitución da I Mesa Provincial dos Camiños de Santiago, que o Goberno da Deputación fixo participativa e multidisciplinar, sumando aos alcaldes dos 30 concellos da provincia polos que discorren rutas de peregrinación, a 14 asociacións luguesas en defensa do pulo do Camiño, así como a recoñecidos profesionais e especialistas neste eido. Xuntos abordaron as necesidades para valorar o Camiño, celebrando tres mesas de debate, das que resultaron as primeiras conclusións, que serán trasladadas á Xunta de Galicia para a súa aplicación. Campos Conde subliñou que “decidimos abrir este proceso porque queremos saber de primeira man cales son as necesidades existentes ao pé dos Camiños para o que cómpre a implicación de todos os axentes. Hai que ter en conta que por Lugo discorren catro rutas recoñecidas oficialmente -Camiños do Norte, Primitivo, Francés e de Inverno-, ademais da do Mar, investigada e documentada. Isto amosa a importancia do Xacobeo para o im-



■ A Deputación constitúe a I Mesa dos Camiños de Santiago facéndoa participativa e multidisciplinar.

pulso económico e cultural da nosa provincia”. O presidente apostou por ofrecer xuntos solucións axeitadas aos problemas detectados para que as administracións competentes poidan executar as melloras necesarias. “Aproveitemos as

oportunidades que nos ofrecen os Camiños”, apuntou.

A Deputación cos Camiños Campos Conde lembrou o traballo feito dende a Deputación para impulsar as Rutas Xacobeas na provincia. Entre elas subliñou a creación, en 1983, do Consello

de Cultura da Deputación de Lugo, no que se atopa a orixe do redescubrimiento do Camiños históricos; a posta en marcha no 86 da I Semana de Estudos Históricos, baseada no Camiño Francés redescuberto por dito grupo de traballo; a constante colabora-

ción coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Provincia de Lugo, xa dende a súa creación en 1987, a través da organización de dúas de actividades co fin de polas en valor; ou a delimitación das rutas Norte, Primitiva e Sur, feita grazas a un grupo de investigación en 1991 e creado no seo do Consello de Cultura. Xa no ano 2014, no marco da redacción do Plan Director do Camiño de Santiago por parte da Xunta, convocouse unha reunión no Pazo de San Marcos. Nela a agora alcaldesa de Lugo, pero antes vicepresidenta segunda da Deputación, Lara Méndez, xunto con representantes técnicos, elaboraron un informe cos principais retos e necesidades da provincia en relación ao Camiño de Santiago, reivindicando aspectos como: o cambio no Plan Director cara a figura do peregrino, mellores dotacións públicas nos sendeiros, e a creación de protocolos de actuación sobre cobro das credenciais, seguridade, fomento da investigación do Camiño, e a necesaria mellora nas estradas con enlaces ao Camiño.

Allariz celebra as V Xornadas de Carne de Boi



anos e que “dá un salto cualitativo importante”, segundo explicou o rexedor allaricano, “pois permítelle ao municipio situar a carne de boi como un punto de referencia gastronómico e turístico consolidado”. O proxecto de cría e comercialización de carne de boi de Allariz naceu no ano 2011 co obxectivo de recuperar a base territorial, facer explotacións produtivas, previr os incendios e apoiar á hostalería ofrecendo un produto estrela de calidade. Isto supón unha aposta municipal importante pola economía integrada do sector primario e de servizos. Sete bois, criados na contorna, foron sacrificados para ser degustados nas “Xornadas de Carne de Boi de Allariz” nos restaurantes da vila. Ademais o Mercado da Reserva da Biosfera, que se celebra todos os sábados, ofrece un posto de venda directa para mercar o produto allaricano.

Menús

O restaurante Portovello ofrece carne de boi ao asador e xarrete de boi estofado. Pola súa banda o restaurante Pallabarro prepara saltimboca de boi (especialidade italiana) con guarnición de patacas e ensalada, con bebida, sobremesa e café, por 18 euros. Si se engade un primeiro prato o menú son 25 euros.

■ O alcalde, Francisco García, e Cristina Cid, concelleira de Promoción Económica, presentaron a campaña.

Allariz celebra, do 30 de setembro ao 16 de outubro, as “V Xornadas de Carne de Boi de Allariz”. Un

total de 24 establecementos hostaleiros ofrecerán menús especiais con carne de boi como ingrediente estrela e 16 deles

participarán no concurso de tapas de boi. Son dúas semanas nas que os restaurantes e tape-rías da zona engaden este in-

grediente as súas cociñas. As xornadas están enmarcadas no proxecto “Allariz Sabe”; unha iniciativa que cumpre cinco

Rúa Alarico, 4. ALLARIZ
T. 988 440 790
info@hostalalarico.com

**Hostal - Restaurante
ALARICO**

Restaurante
Portovello
ALLARIZ

a **Cervexa**
do **País**

www.damaalaricana.es
Tél. 629 452 611

Pallabarro
Hotel - Restaurante
allariz - ourensá

Maricarmen e Luigi

Rúa Sur, 1. Tfno 988 55 40 27 - Martes pechado
www.pallabarro.com • info@pallabarro.com

Incrementase o número de turistas en Allariz



■ Xosé Manuel González na Oficina de turismo

Máis de vinte mil persoas (20.142) visitaron Allariz desde xuño ata o 15 de setembro. Máis de doce mil foron parellas con fillos, e o resto viñeron en grupos organizados. Son datos da Oficina Mu-

nicipal de Turismo e Información da que é responsable Xosé Manuel González. Os turistas que visitaron Allariz procedían da Comunidade de Madrid seguida da Comunidade Valenciana e Cataluña. Tamén de Asturias,

Valladolid, Salamanca, Zamora e Galicia. Conta Xosé Manuel que se incrementou a chegada de portugueses, británicos, alemáns e holandeses. Tamén chegaron grupos de Xapón e de Carolina do Norte. Os grupos, de

entre 15 e 40 persoas, as veces quedan dous días e as familias en ocasións permanecen unha semana na contorna. En período escolar son frecuentes as excursións de estudantes e de asociacións de persoas maiores. Os turistas visitan a vila pola súa

conta e os grupos fan visitas organizadas con guías. O casco vello, monumentos, o río Arnoia, a fábrica de coiro e os Xardíns do Futuro son as preferencias dos visitantes. Algúns van tamén á Baixa Limia, O Ribeiro e Ribeira Sacra.



■ Zamoranos tomando cerveza Dama Alaricana con Luigi, de Pallabarro

Dinamización do comercio

A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, participou na presentación da iniciativa de dinamización comercial "As compras na túa vila teñen premio", unha campaña posta en marcha pola Federación Galega de Comercio e a Federación de Comercio de Ourense e a Asociación de Comercio e Hostalaría de Allariz en colaboración coa Consellería de Economía. Ten por obxectivo poñer en valor o comercio de proximidade e impulsar as

ventas premiando a confianza dos clientes. Nos días de duración da campaña presentáronse os tickets de compra na carpa situada no Campo da Feira-A Barreira ou aos promotores que se atopaban polas rúas da cidade, que lles entregaron boletos de participación para o sorteo final dentro do programa dunha festa de peche que contou coa actuación do mago Rei Midas. Sorteáronse 5 tarxetas regalo de 300 euros e outras 25 por valor de 100 euros.



■ Acto de presentación da campaña comercial.

Allariz
sabe

V XORNADAS
CARNE DE BOI
DE ALLARIZ

DO 30 SETEMBRO
AO 16 OUTUBRO

concurso de tapas
menús especiais
degustacións

www.allariz.gal/carnedeboi

Galicia

Redacción OURENSE

Servizo de aproveitamento da materia orgánica en Allariz xera os primeiros resultados

Dende a posta en marcha do Servizo RE en Allariz leváronse a cabo accións loxísticas e informativas para cumprir as metas propostas. Na zona urbana do municipio instaláronse equipos de compostaxe comunitaria e de recollida de restos de xardín, mentres que nas zonas rurais repartíronse composteiros individuais. Para o tratamento da materia orgánica províntese de grandes produtores construíuse unha planta específica de tratamento. A distribución e posta en marcha de equipamentos foi parella a unha campaña de información e formación dos usuarios do sistema. Realizáronse entregas de información e cubos específicos para a separación, charlas formativas no rural e na zona urbana e actividades destinadas a nenos e nenas nos centros educativos. A posta en marcha do Servizo RE requiriu, ademais, un sistema de seguimento, control e asesoramento no que participan técnicos do Concello de Allariz e entidades coas que se estableceron convenios como Adegas e as Universidades de Vigo e A

Coruña. “Os resultados ata o momento convidan ao optimismo” aseguran no Concello. O nivel de aceptación entre os veciños do Servizo RE é alto e en corto período de tempo dende a súa posta en marcha na primavera de 2016 observáronse reducións de ata un 17% no peso de fracción de rexeitamento xerado.

Xestión municipal

O Concello de Allariz participa, dende o ano 1998, na experiencia piloto de recollida selectiva de residuos sólidos urbanos (RSU) mostrando o seu compromiso coa mellora da xestión medioambiental. Así o Concello adoptou medidas para minimizar o impacto da xeración de residuos. No ano 2010 púxose en marcha un proxecto piloto para a separación da materia orgánica e o seu aproveitamento mediante compostaxe. A finais de 2014 lanzouse un novo proxecto para estender a separación e aproveitamento da materia orgánica a todo o municipio: o Servizo RE. De esta maneira preténdese aumentar a



■ Resultados do Servizo RE coa axuda da veciñanza.

taxa de reaproveitamento e reciclaxe e diminuír ao máximo a porcentaxe de residuos con destino na bolsa negra. Formuláronse as seguintes liñas de

acción: o fomento da compostaxe comunitaria e da autocompostaxe familiar; a recollida específica de materia orgánica províntese de grandes produtores

como establecementos de hostalería e empresas de alimentación; e a mellora na recollida selectiva xa existente (envases, papel-cartón e vidro).

Mercado de produtos da Reserva da Biosfera en Allariz

Todos os sábados de 10:00h a 14:00 horas celébrase na Praza de Abastos de Allariz o mercado de produtos da Reserva da Biosfera. Algúns dos produtos, elaborados no entorno da Reserva da Bios-

fera, presentes neste mercado son: hortalizas e froitas, marmeladas e mel ecolóxicas, cogomelos, embutido e queixo do Rexo, cervexa artesá Dama Alaricana e leite ecolóxico, pan e derivados da castaña.



■ Mercado sabatino na Praza de Abastos.

Ampliación da residencia de maiores en Muíños

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asinou un convenio de colaboración co Concello de Muíños, representado polo seu alcalde, Plácido Álvarez Dobaño, para o financiamento das obras de reforma e ampliación da residencia de maiores de Mugueimes, onde se presten servizos das cartexas de promoción da autonomía e de atención á dependencia. Rey Varela destacou este fito para os maiores do concello ourensán como “un dos froitos da coordinación entre a Xunta de Galicia e os entes locais para coordinar a atención social dos cidadáns galegos”. Na xuntanza, o conselleiro e o alcalde de Muíños debateron acerca do estado deste centro social que o concello comezou a construír en 2006 e que leva funcionando desde 2014. Para esta obra, a Xunta de Galicia concedeu o 90,86% do total do orzamento. En 2013, grazas ao Plan de desenvolvemento rural sostible xestionado por Agader o Goberno galego volveu a colaborar na adquisición de equipamento mobiliario. No momento actual e a través deste convenio, a Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, adquire o compromiso de colaborar co concello ourensán para a



■ Rey Varela e Álvarez Dobaño na sinatura do convenio.

reforma e ampliación da residencia de 40 a 59 prazas. Ao abeiro do convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Muíños unha cantidade máxima de 150.000 euros durante as anualidades 2016, 2017 e 2018 (data na que o convenio quedará sen vigor).

Redacción OURENSE

IX Festival de Teatro



■ A presentación foi no Museo Municipal de Ourense.

Presentouse a novena edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) que se desenvolverá do 7 ao 19 de outubro con presenza de 12 compañías, 12 espectáculos e un feixe de microespectáculos. Auditorio, Teatro Principal e Universidade de Vigo serán os escenarios desta edición, que conta cunha

programación “máxica, espectacular e interesante”, en palabras da súa directora, Ánxeles Cuña. Granhøj Dans (Dinamarca), Atalaya (representando a García Lorca no 80 aniversario do seu pasamento), Bravo Teatro (con José Sacristán no reparto), a retransmisión de Chévere e A Panadaria serán os pratos fortes desta edición.

Festival de Cine de Ourense



■ O Festival celebrábase do 28 de outubro ao 5 de novembro.

A 21 edición do Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF) contará coa presenza de case vinte películas galegas. Na competición iberoamericana, estará o ourensán José Manuel Mourino co seu documental “Manuel Vilariño. Ser luz”, unha aproximación á obra do fotógrafo e poeta coruñés. O pontevedrés Manuel Fernández-Valdés competirá na mesma categoría co documental “Angélica, unha traxedia”. Noutras seccións proxectaranse “Jeanette”, de Xurxo Chirro; “Sen Deus nin Santa María” e “Montañas ardentes que vomitan lume”, ambas as de Samuel Delgado e Helena Girón; “Verengo”, de Víctor Hugo Seoane; “Share ou Non Share”, de Juan Hervella Rego; “O pozo”, de Héctor Domínguez-Viguera; “Ou

Rebelde”, de Óscar Doviso; “Visións”, de Xisela Franco e Belí Martínez e varios curtos. O Festival recibiu 338 longametraxes de case 50 países de todo o mundo. O OUFF deixa de ser un festival xeralista para converterse nun Festival no que os filmes a concurso teñen que ter unha natureza moi específica (óperas primas ou cine iberoamericano). Todos os filmes seleccionados para a competición oficial (tanto na categoría de óperas primas como na sección iberoamericana) son estreos en España que xa pasaron por outros eventos de enorme importancia como Sundance, Berlín, Rotterdam e Locarno e, neste 2016, decidiron apostar pola nova liña de programación que presenta o Festival de Cine Internacional de Ourense.

Congreso do PEN Internacional

Celebrouse en Ourense o 82º Congreso do PEN Internacional que reuniu a máis de 200 escritores de todo o mundo. O presidente da Deputación de Ourense destacou na súa intervención o acertado lema deste congreso “Erguendo pontes literarias”, afirmando: “a literatura galega, escrita no idioma propio de Galicia, como ponte, como vínculo entre as literaturas hispánicas, hispanoamericanas, e as da lusofonía, Portugal, Brasil e países africanos de lingua portuguesa”. O acto comezou co espectáculo “Ourense Literario”, a cargo da compañía teatral “A Panadaria”, durante o cal, o escritor ourensán, Bieito Iglesias, rendeu homenaxe aos escritores vinculados ao PEN de Galicia que xa non están con nós: Eduardo Blanco Amor, Carlos Casares, Antón Risco, Antón Tovar, Pura Vázquez, Marcos Valcárcel e Xosé Fernández Ferreiro. Na inauguración tamén participou o alcalde do Concello de Ourense, Jesús Vázquez; o pre-

sidente do Centro PEN Galicia, Luis González Tosar; e a presidente do PEN Internacional, Jennifer Clement. Tosar, quen deu a benvida aos alí presentes, fixo un percorrido pola historia do Centro Pen de Galicia, “hai 27 anos que se fundou por iniciativa dun grupo de 25 escritores e escritoras. O primeiro presidente foi un ourensán, Alfredo Conde, a segunda foi unha muller, Úrsula Heinze, e o terceiro foi Carlos Casares, a quen eu sucedín”. Tosar incidiu no seu discurso, en que a lingua e a literatura propia de Galicia son “a base fundamental da nosa identidade”, e explicou os principios que sosteñen o PEN: “nós traballamos para que a literatura galega transcenda e vaia máis aló das fronteiras, promovemos a tradución a outras linguas, e todo tipo de accións encamiñadas a unha proxección exterior dunha literatura das máis vellas de Europa”. O PEN está integrado por poetas, ensaístas e novelistas de 75 países.



■ Luis González Tosar, Jennifer Clement e Manuel Baltar na rúa da Paz.

Mais de dez mil mascotas na capital

En Ourense capital hai un total de 10.000 mascotas con chips pero a cifra real, segundo o Concello, pode triplicarse. Na última década notouse unha maior concienciación social, xa que fai dez anos os datos oficiais apuntaban a algo menos de 4.000 animais identificados con chip, a maioría cans. Caso aparte merecen os rueiros que acaban nas instalacións municipais que xestiona Proga. Actualmente hai un total de 625, na súa maioría cans. En 2015 foron adoptados 354 e 92 devoltos aos seus donos, pero a cifra non varía pola entrada constante de animais. As protectoras da provincia fanse cargo de 2.500 cans e moitos máis se atopan abandonados e sen coidados. Na capital a cifra de acollidos diminuíu respecto fai dez anos, cando se superaban os 1.100. Outro dos animais con maior presenza son os gatos. Á marxe dos que viven con familias, o Concello instalou 12 casetas nas que se controlan uns 600 gatos. O 60 % xa foron esterilizados para evitar superpoblación.



■ Iris e Porchín nun parque de Ourense.

Expourense asinou convenio co Servizo Nacional de Aprendizaxe de Colombia



■ Complexo Salomia no que se celebrou o Concurso Académico Cociña Gourmet Colombiana.

Expourense asinou un convenio de colaboración e asesoramento en Colombia coa institución encargada da formación profesional a nivel estatal, o Servizo Nacional de Aprendizaxe (SENA) na localidade de Santiago de Cali, capital do Departamento do Val do Cauca.

Esta iniciativa, dirixida polo programa de Técnico en Cociña que imparte a institución en diferentes rexións, busca incentivar a investigación e o rescate da gastronomía tradicional, propiciando a súa actualización e inclusión nas cartas de restaurantes e hoteis do país. Termatalia e

Xantar son os dous proxectos de turismo con recoñecemento de Feira Comercial Internacional polo Goberno de España que organiza Expourense e, grazas á rede estratéxica mundial que teceron e á súa especialización en nichos de mercado moi específicos, logrouse este acordo que

permitirá compartir coñecementos nestes campos. A finalidade desta colaboración reside en asesorar ao SENA en temas relacionados co Turismo de Benestar e o Termalismo, nos que Expourense especializouse grazas a Termatalia; e en temas que incumben á gastronomía e a súa explotación turística, na que a feira Xantar destaca na Península Ibérica.

Termatalia

Os directivos do Servizo Nacional de Aprendizaxe xa participaron activamente na pasada edición de Termatalia, celebrada en Ourense, onde se interrelacionaron con diferentes actores de Galicia, e a dirección da Fundación de Feiras tivo a oportunidade de coñecer as súas instalacións e centros de formación, como paso previo a este convenio. Dentro deste marco de colaboración tamén se inclúe o asesoramento académico de alta calidade que poderán achegar outras entidades

galegas e internacionais, especializadas nos temas nos que a entidade colombiana quere ampliar os seus coñecementos. O presente convenio fundaméntase na procura de actividades que permitan dar unha resposta de calidade ás novas políticas de fomento de emprego do goberno colombiano; polo que consideran que a formación e a capacitación de alto nivel potencian a competitividade do país. O SENA é unha institución pública que se encarga de cumprir, a través dos seus centros de formación repartidos por toda a xeografía do país, a función que lle corresponde ao estado colombiano de investir no desenvolvemento social e técnico dos traballadores, ofrecendo formación profesional gratuita, co obxectivo de brindar oportunidades de acceso ao mercado laboral en actividades produtivas que contribúan ao desenvolvemento social, económico e tecnolóxico.



FUNERGAL

9ª Feria Internacional de Productos y Servicios Funerarios
11 y 12 de Noviembre de 2016
OURENSE - GALICIA - ESPAÑA

SOLICITA YA TU ACREDITACIÓN PROFESIONAL EN:
www.funergal.com



PARTICIPA EN EL CENTRO DE NEGOCIOS PARA ESPAÑA Y PORTUGAL

Organiza

Expourense

Patrocinador Principal

MUNICIPIO DE OURENSE

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Participa

Guía Gastronómica

Sabores de Outono en Ourense



■ Veciños de Cantabria e de Tenerife no Bar Fuentefría.

máis veterano dos concursos de pinchos da cidade volverá reunir nas elaboracións dos participantes castañas e cogomelos, así coma outros produtos de tempada. Do mesmo xeito, a data de inicio do concurso farase coincidir co comezo do 21 Festival de Cine Internacional de Ourense, de forma que se poidan xuntar na cidade dous eventos que se complementen e ofrecerlle, tanto ao ourensán coma ao visitante, unha variada oferta de actividades na cidade. Os forasteiros que visitaron Ourense en setembro degustaron os “afumados” de Bar Fuentefría.

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez e técnicos da Concellería de Turismo e Termino, reuníronse con representantes da Unión de Hostaleiros de Ourense (UHO). Última-

talles organizados para a vena edición do curso de pinchos “Sabores de Outono”, que terá lugar do 28 de outubro ao 13 de novembro.



■ Sevillanos de El Palmar de Troya en Pepe Callos.



OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.



680 956 669
675 860 424
Correo: oilpintuco@gmail.com

ALPENDRE PULPO



Tapas | Ravualtos | Montados

Rúa Fornos, 2. OURENSE

TABERNA PORTUGUESA



Pinchos.
Racións bacallau agomes sã (por encargo)

Murillo, 25 OURENSE • Tfno. 619419393

Galicia

Redacción OURENSE

En contra das subvencións do Concello



■ Gonzalo Pérez Jácome de Democracia Ourensana.

Democracia Ourensana critica a política de gastos da Federación Provincial de Comercio de Ourense, coa súa nova presidenta Beatriz Gómez á fronte, ao organizar unhas xornadas nas que se trae a Carmen Lomana como estrela convidada dunhas xornadas de comercio. “O Concello de Ourense, aprobou (con votos de PP, PSOE e abstención de Ourense en Común) unha subvención de 15.000 euros para esta Federación”, dí D.O. “Estas federacións non serven máis que

para malgastar o diñeiro das administracións, mediante subvencións, e gastos folclóricos como o de Lomana, que valen para divertir e fomentar relacións dos seus corpos directivos”, sostén Democracia Ourensana. Este partido político sempre defendeu a baixada de taxa e impostos, e a axilización en trámites, como o mellor e único modo efectivo, de axudar aos comerciantes”, sostén esta formación política con presenza na Corporación Municipal de Ourense.

O vicepresidente da Deputación cobra máis que Rajoy e que Feijóo

A vice-portavoz do Grupo Socialista na Deputación, Elvira Lama, considera que a retribución do vicepresidente, Jorge Pumar, nesta institución, é un escándalo que non pode ser aturado. Elvira Lama sinala que Jorge Pumar percibe máis de 80.000 euros cada ano, xa que cobra 60.000 euros na Deputación e máis de 20.000 no Concello de Ourense, onde é concelleiro. A deputada socialista lembra que esta retribución supera á do seu propio xefe, o presidente da Deputación, José M. Baltar (72.000€) e cobra 13.000 euros máis que o presidente da Xunta (67.000). A retribución do vicepresidente da Deputación chega a bater récords nacionais. Incluso é superior á retribución do presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, quen cobra 78.000 euros. Elvira Lama considera que, con estes datos, Baltar quere premiar ó grupiño que lle fai a pelota, que lle rí as grazas e cala ante os numerosos casos de abusos e atropelos e, sobre todo, gardan un silencio cómplice ante a súa situación de imputado por delitos moi graves, algo polo que xa tiña que ter dimitado.



■ Jorge Pumar, deputado e concelleiro do PP.

Os socialistas esixen a Jorge Pumar, á Deputación e ao Concello, que se suprima unha das dúas retribucións; porque non se pode entender que, nestes tempos, un cargo estea cobrando dous salarios. A deputada socialista considera que, aínda por enriba, Pumar non realiza ningún cometido específico na Deputación que xustifique tales retribucións. Elvira Lama indica que o Partido Popular, que presume de

transparencia, está facendo o posible para agochar estas informacións e que a opinión pública non coñeza estes feitos escandalosos. “O presidente da Comisión de Transparencia debería aplicarse, a si mesmo, o de que un cargo público con dedicación exclusiva nunha institución, non perciba outra retribución noutra Administración Pública e xestione o diñeiro público de forma exemplar”.

O Festival de Xardíns de Allariz abre o concurso para 2017

O Festival de Xardíns de Allariz abre o prazo de recepción de propostas para o concurso de xardíns efémeros. O tema do vindeiro ano é “Xardíns da Memoria” e evoca a historia do deseño da paisaxe, a arte e a xardinería. Paisaxistas, arquitectos, estudantes, xardineiros e todas aquelas persoas relacionadas co mundo da xardinería e o sector verde poden presentar o seu proxecto de xardín ata o 30 de novembro de 2016. Allariz, declarado como Reserva da Biosfera, mostrou un especial interese polo medio ambiente e por isto puxo en marcha, no ano 2010, o Festival Internacional de Xardíns de Allariz co obxectivo de conseguir o seu propio espazo no panorama internacional do circuíto de tendencias fomentando e dando a coñecer a arte do xardín e a importancia do papel dos espazos verdes para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. En 2017 levarase a cabo a 8ª edición

e cada vez recíbense máis proxectos de lugares máis distantes ao longo de todo o planeta. Nestes sete anos, o Festival recibiu preto de 200 propostas. Chegaron de: Corea, Países Baixos, República Checa, Colombia, Austria, Serbia, Italia, Francia, Brasil, Polonia, Paraguai e Gran Bretaña. Posiciónase como un punto de referencia na paisaxe ibérica e está enfocado a ser coñecido internacionalmente. Ata o vindeiro 30 de novembro, o prazo estará aberto para presentar propostas que serán seleccionadas por un xurado de expertos no que están representadas as organizacións máis importantes do paisaxismo: asociacións, profesionais, deseñadores, artistas e o sector comercial. Entre todas as propostas recibidas, o xurado elixirá 10 proxectos de xardíns que serán executadas e exhibidas como finalistas na edición 2017. Estes 10 xardíns competirán polo voto dos visitantes, máis de 40.000



■ Foto parcial dos Xardíns de Allariz na edición de 2016.

persoas que cada ano se achegan ao Festival interesados no aumento da calidade dos proxectos

que se mostran. O concurso está aberto a todos os que desexen participar e as súas bases están

disponibles na páxina web: www.allariz.com/festival

Redacción OVIEDO

Empresas asturianas e galegas galardoadas pola Asociación Día de Galicia en Asturias



■ Os galardoados, na Cámara de Comercio de Oviedo.

Asturias e Galicia achegáronse un pouco máis en Oviedo a través da homenaxe tributada pola Asociación “Día de Galicia en Asturias” a varias empresas e entidades do Principado e da Comunidade galega, no XXI encontro empresarial que acolleu a Cámara de Comercio de Oviedo. Na lista de galardoados deste ano están a empresa Asthor, dedicada desde 1984 á construción de invernadoiros; Bateamar, de Cambados, especializada en elaboración e distribución de mexillón da Ría de Arousa; o restaurante Bocamar,

de Oviedo; o programa Conexión Asturias da Televisión do Principado de Asturias (TPA); a confeitaría Asturias, de Oviedo; a empresa Eulen; o estudo de decoración In-Two, a multinacional GAM, de orixe asturiana; o Instituto de Desenvolvemento Económico do Principado (IDEPA); a empresa de informática Ingi; Rodríguez López Autos, de Ourense; o programa Bamboleo da Televisión de Galicia e o Club Prensa Asturiana de La Nueva España, foro cultural do xornal, ao que Manuel Fernández Quevedo -presidente e fundador da Asociación Día de

Galicia en Asturias- definiu como ese lugar “no que todo o que interesa cabe e cóntase a diario; onde as ideas e a cultura son sempre benvidas”, e do que resaltou a súa “pluralidade e extraordinario servizo á sociedade”. O galardón, cuxos atributos son un diploma acreditativo e un prato de louza de Sargadelos, foi recollido pola directora do Club, María José Iglesias, quen agradeceu o recoñecemento á vez que destacou o papel de ponte cultural entre ambas as rexións veciñas que desempeña a Asociación. Fernández Quevedo tivo como anfitrión na Cámara de Comercio ao seu secretario xeral, Fernando Villabella, quen fixo fincapé na frutífera traxectoria da organización, “envorcada en actividades sociais e culturais”. Eva Pando, directora xeral do IDEPA, agradeceu o premio en nome de todos os distinguidos, e puxo a énfase na intensa colaboración empresarial astur-galega, que se plasma en acordos e iniciativas conxuntas. Fernández Quevedo tamén tivo unhas palabras de recordo para as vítimas do accidente ferroviario de O Porriño (Pontevedra).

Socios de honra

No transcurso dos actos celebrados nos últimos días, a Asociación Día de Galicia en Asturias, tamén fixo socios de honra á Asociación Española Contra o Cancro (AECC), na persoa da súa presidenta en Asturias, Margarita Fonte, e ao servizo de oncoloxía do Hospital Universitario Central de Asturias (HUCA). Trátase dun recoñecemento aos

voluntarios de AECC no Hospital e á colaboración establecida coa área de oncoloxía do HUCA. Nun xantar que serviu de colofón a unha semana de actos, o colectivo galego na persoa do seu presidente, Manuel Fernández Quevedo, agasallou aos novos socios de honra. A soprano asturiana Tina Gutiérrez cantou “a capela” Negra Sombra.



■ Agasallo ao Huca e AECC

Insignias de ouro e diplomas



■ Diego Valiño, Roberto Sánchez, Tina Gutiérrez e Manuel Fdez. Quevedo.

A Asociación Día de Galicia en Asturias entregou as súas insignias de ouro ao concelleiro de Cultura e Festexos do Concello de Oviedo, Roberto

Sánchez Ramos e á soprano Tina Gutiérrez. Os dous premiados tamén recibiron os carnés de socios de honra da entidade de mans do seu presidente, Manuel

Fernández Quevedo. Asistiu ao acto o concelleiro do PSOE Diego Valiño, de orixe galega e o presidente do Centro Asturiano de Oviedo, Alfredo Canteli, así como

os socios do colectivo. Outra das actividades foi unha misa na Catedral de San Salvador. A Asociación Día de Galicia en Asturias naceu fai 21 anos, como punto de encontro dos centenares de galegos residentes na capital asturiana, co obxectivo de homenaxear a aquelas entidades e persoas que traballan por un me-

llor entendemento mutuo. Coas actividades que se celebran todos os anos, a asociación, busca honrar os fortes e fondos lazos entre as dúas comunidades autónomas. Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), agora residen non Principado de Asturias arredor de 24.000 galegos.



■ A todos os actos asistiron socios do colectivo galego e asturiano.

Galicia

Redacción OURENSE

Carne de tenreira en Montederramo



■ Comensais na festa de 2015.

Se a Allariz relaciónaselle coa carne de boi, ao falar de Montederramo supón que nos referimos á tenreira galega, da Indicación Xeográfica Protexida. En Montederramo celébranse dúas feiras mensuais. Na do 12 de outubro eran protagonistas os bois. Na actualidade, o gando da extensa cabana de vacún de Montederramo non adoita acudir ás feiras xa que os contactos mercantís fanse nas explotacións do municipio. O caso é

que cada 12 de outubro desde o ano 1993, ademais da feira que achega múltiples postos cos máis variados produtos, a feira transfórmasse en festa gastronómica na que a exquisita carne de vacún ofrécese ao comensal en empanada, richada e ao caldeiro, con viño da Ribeira Sacra e pan da comarca. De sobremesa bica de Vilariño Frío e Montederramo, café, licor café e augardente. Todo por 15 euros, prezo que rexe desde hai anos. A entrada ao recinto ad-

quirese na oficina de turismo do Concello. A carpa instalada na praza ten capacidade para 1.600 persoas e ábrese a unha da tarde. Durante o día gaiteiros e charangas amenizan as rúas e Praza de Montederramo e a asociación de mulleres rurais abre unha exposición dos seus elaborados traballos nas instalacións do que foi colexio de ensino, dentro do mosteiro de Santa María. Con esta feira-festa o Concello, organizador da celebración que cumpre 23 anos, pretende promocionar a actividade gandeira que se desenvolve na zona, orientada de maneira preferente á produción de carne de primeira calidade. Unha alta porcentaxe da actividade laboral na comarca está vinculada precisamente á gandería.



■ Os gaiteiros non faltarán á cita.



SALVATERRA

1^a EXPOSICIÓN DE ORQUIDEAS EN SALVATERRA



Novas da Raia

CERVEIRA

Revivem escolas primárias e partilham material pessoal

Desde a inauguração a 05 de setembro, a exposição “Escolas Primárias – Espaços de Memória” tem despertado a curiosidade dos cerveirenses, não só pela maior afluência ao Arquivo Municipal, mas sobretudo pela doação de diverso material, contribuindo para alargar e enriquecer a essência desta mostra. Município agradece a partilha e a participação ativa, mantendo a receptividade para acolher mais ‘estórias e histórias’.

Muitos cerveirenses regressam a suas casas imbuídos pelo espírito de recordação, procuram registos biográficos e fotográficos próprios ou de familiares, e disponibilizam-nos para enriquecer ainda mais a exposição.

Boletins de passagem de classe, registos de professores, cartas de crianças, fotografias, manuais escolares, entre outros.

A Vereadora da Cultura mostra-se muito satisfeita pela partilha e participação da população, em prol da preservação destes espaços de memória.

“Escolas Primárias – Espaços de Memória”



visa dar uma perspetiva sobre o ensino e os estabelecimentos escolares existentes em Vila Nova de Cerveira desde finais do século XIX até à implementação do Plano dos Centenários, projeto de construção de escolas em larga escala, levado a cabo pelo Estado Novo em Portugal, entre 1941 e 1969. A exposição pode ser visitada até agosto de 2017 no Arquivo Municipal.

TOMIÑO

Votación popular para escoller o nome do seu instituto

O Concello de Tomiño e o instituto de ensino secundario da localidade, lanzan unha iniciativa popular para recibir propostas e que a comunidade escolar e os habitantes do pobo participen na escolla dun nome para o centro (a denominación oficial actual é IES Tomiño).

O procedemento arrancará o 3 de outubro, coa recollida de propostas, e rematará o 31 do mesmo mes, cando o consello escolar proceda a escrutar o resultado das votacións. O plan estará supervisado por un comité de selección, integrado polo director do instituto, Carlos Villanueva; a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e os expertos Albino Prada (doutor en econo-

mía do Foro Económico de Galicia), Daniel Pino (urbanista e sociólogo), Zara Pousa (presidenta da Fundación Xavier Pousa) e María Alonso (Premio Nacional de Traducción).

O proceso popular do bautizo é unha iniciativa pioneira, incluída no programa Educación da boa, posto en marcha no curso pasado, coa finalidade de promocionar o instituto e un ensino público de calidade. “A nosa intención é que haxa unha vinculación maior entre o IES e a veciñanza, e que esta vexa coma algo propio o instituto, sentindo orgullo por el e polo seu bo nivel, e valorando a importancia dun sistema educativo público de calidade”, explica a alcaldesa.



Catro artistas internacionais dánse cita no II Simposium de Escultura do Miño Tomiño-Cerveira

Catro escultores, de Taiwán, Bulgaria e Colombia, traballan en vivo, nun proxecto conxunto de Tomiño e Cerveira



■ Liliya Pobornikova, os taiwaneses Lee, Zih-Cing e Teng, Shan-Chi, e Fernando Pinto.

O Simposium Internacional de Escultura do Miño conta na súa segunda edición con catro escultores internacionais que, dende o pasado día 23, dan forma ás súas obras en vivo, en contacto permanente coa xente que quere achegarse a coñecer o seu traballo. Este ano a cita é en Vila Nova de Cerveira, fronte ao Baluarte de Santa Cruz, até o día 12 de outubro.

Os escultores seleccionados para esta segunda edición, todos de relevo internacional, son o colombiano Fernando Pinto, a búlgara, residente en Tomiño, Liliya Pobornikova, e os taiwaneses Lee, Zih-Cing e Teng, Shan-Chi. O tamén escultor luso Vítor Reis, coordina este 2º certame. Todos eles crean as súas obras en grandes bloques de pedra, a maioría mármore, dos que van sacando formas, volumes e figuras insólitas que sorprenderán ao viandante.

É o caso de Fernando Pinto, de Colombia que logo de vivir máis dunha década entre Barcelona e Italia, voltou a súa Bogotá, onde reside na actualidade. A súa obra é unha das de maiores dimensións deste simposium. Bautizada coma “Puerta rosa”, mide 3,20m. de alto por 2,60m de ancho e 0,75m. de profundidade.

Segundo explica o propio autor, “esta obra

simboliza la tierra y el hombre”. Influído pola radiestesia, o escultor pretende “marcar con su obra un sitio propicio para que la gente reflexione y vuelva a conectarse con la energía de la tierra”, comenta.

Outra das apostas deste ano é a parella de artistas taiwaneses Lee, Zih-Cing e Teng, Shan-Chi.

Ambos esculpen mármore branco de considerables dimensións. Como tamén o fai Liliya Pobornikova, nada en Bulgaria e veciña de Tomiño dende hai anos.

Con carácter transfronteirizo, a iniciativa pretende desenvolver o intercambio intelectual e profesional entre os artistas participantes e o público, onde os escultores traballan ao aire libre nun espazo público, coa intención de que todos poidan apreciar a evolución das obras, interactuando directamente cos artistas.

Unha vez rematadas, as pezas serán situadas en lugares estratéxicos de ambas localidades, como se fixera xa na primeira edición, celebrada no ano 2014 no Espazo Fortaleza de Goián.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, salienta a intención dos gobernos fronteirizos de “achegar a arte á rúa”, tendo en conta que tanto Cerveira coma Tomiño, son terra de artistas e comparten un patrimonio común.

TOMIÑO

A deputada Digna Rivas e a alcaldesa de Tomiño, inauguran “Exodus”; unha mostra fotográfica sobre o drama dos refuxiados sirios

Este mediodía, a deputada de Cohesión Social e Xuventude, Digna Rivas, visitou Tomiño para inaugurar oficialmente xunto á alcaldesa do municipio, Sandra González, a mostra fotográfica “Exodus: na procura do refuxio”. Ao acto de inauguración, celebrado no primeiro andar do Mercado Municipal, asistiron tamén outros membros da corporación, e público en xeral. A exposición, impulsada pola Deputación de Pontevedra, permanecerá aberta no primeiro andar do Mercado Municipal de Tomiño, até o 16 de outubro, en horario de luns a sábado, de 9.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas (excepto mércores pola tarde, que estará pechada).

Esta mostra reflicte a mirada dos fotoperiodistas galegos Felipe Carnotto e Adrián Irago. As fotografías, realizadas entre setembro e outubro de 2015, documentan as vivencias dos refuxiados que foxen de distintos conflitos bélicos para chegar a Lesbos e percorrer os Balcáns na procura dun novo fogar en Europa.

Europa enfróntase á peor crise migratoria dende a Segunda Guerra Mundial. Segundo datos de ACNUR, máis dun millón de persoas cruzaron as illas gregas escapando do conflito sirio. Un 25% eran menores e ao redor de 3.700 persoas faleceron no intento de cruzar o Mar Exeo.



O mercado de Tomiño acolle a mostra “Exodus” sobre o drama dos refuxiados

A Deputada de Cohesión Social e Xuventude, Digna Rivas, inaugurou a mostra que se poderá visitar ata o día 16 en horario de mañá e tarde

O primeiro andar do Mercado Municipal de Tomiño acolle dende este martes 4 de outubro a exposición fotográfica “Exodus: na procura de refuxio”. A Deputada de Cohesión Social e Xuventude, Digna Rivas, e a alcaldesa, Sandra González, inauguraron a mostra.

A exposición, elaborada polos fotoxornalistas galegos Felipe Carnotto e Adrián Irago entre os meses de setembro e outubro de 2015, documenta as vivencias dos refuxiados e refuxiadas que foxen de distintos conflitos bélicos para chegar a Lesbos e percorrer os Balcáns na procura dun novo fogar en Europa. “Exodus” poderase visitaren os días 4 e 16 de outubro no primeiro andar do Mercado Municipal da vila, en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas de luns a sábado (agás os mércores, que soamente será posible en horario de mañá).

Respecto a esta mostra, a Deputada de Cohesión Social e Xuventude, Digna Rivas, lembra que “Exodus provén dos termos latino e grego que significan ‘saída’, coas consecuencias que iso leva consigo”. As persoas protagonistas destas imaxes son persoas “que escapan de países onde uns poucos están a impoñer a súa vontade por enriba de todo”, que “ariscan as súas vidas ata chegar a perdelas no Mediterráneo” buscando “esperanza, paz e solidariedade”, sinala a Deputada provincial. Ademais, Digna Rivas explica que “as institucións públicas e polo tanto a Deputación de Pontevedra temos unha importantísima labor de divulgación de información, temos que ser quen informen á cidadanía do que está a acontecer no mundo”. Do mesmo xeito, a Deputada pro-

vincial asegura que cada unha das fotografías “contén unha historia que lle pode pasar a calquera persoa con independencia da súa procedencia ou do seu nivel de estudos”.

A exposición xa se exhibiu entre o 29 de abril e o 10 de xuño no Pazo provincial da Deputación, “pero pareceunos boa idea que se fixera itinerante para que recorrese os concellos da provincia” e que a súa veciñanza, afirma a Deputada, “saiba o que está a acontecer”. Ademais, Rivas asegura que “dáme mágoa dicir que non todos os concellos a quixeron acoller” e por iso reafirma “agradecemento ao concello de Nigrán” do Goberno provincial, por “permitir achegar á súa veciñanza”, conclúe, “a dura realidade do que está a acontecer”. Polo de agora “Exodus” xa chegou aos concellos de Caldas de Reis, Salceda de Caselas, Nigrán, Forcarei, Catoira, Moaña e, agora, Tomiño.. En vindeiras datas, a mostra tamén visitará a vila de Rodeiro.

Cómpre lembrar que Europa está a afrontar á peor crise migratoria tras a Segunda Guerra Mundial. Segundo datos de ACNUR, máis dun millón de persoas cruzaron as illas gregas escapando do conflito en 2015. Un 25% delas eran menores de idade e, ademais, arredor de 3.700 persoas morreron no intento de cruzar o mar Exeo. O seu camiño empeza en Oriente Medio. Foxen por centos de miles desde Siria, Iraq ou Afganistán. Un fluxo constante de humanidade dirixido polo medo, a inseguridade e a falta de oportunidades. A súa desesperación móveos a arriscar as súas vidas e a das súas familias por un futuro en paz. Fano desde Turquía, cruzando o mar Exeo ata as illas gregas en balsas de

goma con nulas medidas de seguridade. En Grecia comeza un duro camiño entre fronteiras. Os refuxiados cruzan Europa cunha idea vaga de alcanzar Alemaña, Suecia ou Noruega. En Gevgelija, ao sur de Macedo-

nia, na fronteira con Grecia, érrese un campo de refuxiados ateigado de almas perdidas. Máis de dúas mil persoas ao día deixan a súa pegada nunha inhóspita paraxe.



O Novo Farelo

Xosé Abad e os oficios que están desaparecendo

A fotografía forma parte da miña vida desde os 14 anos que empecei facer fotos cunha pequena cámara do meu avó. É un medio que me permite interpretar o mundo, os seus conflitos e a súa beleza tamén - expresa Xosé Abad, que inaugurou a exposición "Oficios entre lusco e fusco", no Museo do Pobo Galego ata ou día 30 de outubro, con entrada libre e gratuita. Despois Afundación a levará a diferentes cidades como Pontevedra, Muros e O Carballiño.

Por Francisco Puñal Suárez



■ Xosé Abad - foto Aitana Tubio.



■ José Caruncho, fotógrafo antigo - Xosé Abad.

A mostra está centrada en persoas cuxos oficios están desaparecendo en Galicia, por diversas razóns. As 16 fotos que a compoñen constitúen un alegato en defensa desas persoas que con dedicación, experiencia e agarimo realizan traballos que o modelo de desenvolvemento da sociedade está a substituír. Por exemplo, Eugenio Linares, fareiro de Estaca de Bares, trocado xa por un sinal de GPS, centralizado en Madrid.

Por qué decidiches reflectir a situación destas persoas?

■ "Oficios entre lusco e fusco" retrata o vértice dun cambio social, un intre no que a luz resiste fronte a escuridade; homes e mulleres que amosan con orgullo a súa profesión, as ferramentas, e unha forma de traballar e vivir ameazadas polo solpor.

"Oficios entre lusco e fusco" conta a través das fotografías a historia de cada protagonista, coa luz, coas miradas, coa roupa, co espazo de traballo, e con todos os elementos que reflicten un modo de vida nun intre de cambios e novidades tecnolóxicas diarias, de consumo rápido e fabricación urxente.

Os oficios retratados son parte dun pasado recente, do gusto polo ben feito, da profesionalidade, dun tempo de traspaso de país a fillos, de continuidade e de tradición familiar, pero que tamén poden ser, nalgún caso, presente e mesmo vangarda de movementos de recuperación da calidade e a orixinalidade, da personalización e da defensa de valores fundamentais.



■ María Patiño Otero, cesteira - Xosé Abad.

Quizá neste tempo esteamos vivindo os últimos momentos da coexistencia entre dous modos de produción moi diferenciados, por iso é importante documentar este tránsito, esta decadencia en toda a súa beleza a piques de desaparecer con eles.

Qué técnica fotográfica empregaches? Cómo foi a iluminación?

■ "Entre lusco e fusco" transcorre nese breve tránsito entre o anoitecer e a oscuridade completa. Os mestres desta serie resisten aferrándose a ese derradeiro raio de luz antes de que o seu saber, a súa influencia e a súa forma de entender o traballo desapareza. É por iso que o autor plantea un esquema de iluminación inspi-



■ Eugenio Linares, fareiro - Xosé Abad.

rado nese momento do día. Dese xeito aparecen un a un, dignos representantes do seu gremio e derrochando realidade.

Aínda que o tratamento da luz siga un esquema inspirado en Caravaggio, eses claroscuros fan que se poidan suxerir espazos e

ferramentas, queda pois ben definido o lugar no que desenvolven os seus traballos, é, á vez, documentada a súa presenza habitando eses universos nos que moitas veces fúndense o privado e o laboral.

O espectador faise partícipe da atmósfera na que se levan a cabo eses oficios, redescubrindoos na medida da súa importancia e ocupándoos tamén con certa carga afectiva.

Xosé Abad inicia en 1979 a súa actividade profesional como fotoperiodista en diferentes medios. Os seus traballos aparecen en diferentes revistas e diarios como National Geographic, Planeta Humano, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, El Semanal, El País, El Magazine, La Vanguardia, etc.

Por medio do seu traballo fotográfico e documental colaborou con diferentes ONG galegas e latinoamericanas.

Na súa actividade cinematográfica dirixiu varios documentais premiados en diferentes certames, sendo os tres últimos "Isaac", "Ou Segredo da Frouxeira" e "A Pegada dos avós".

Como fotógrafo tamén recibiu diferentes premios como o "I Certamen de Creación Fotográfica Luís Ksado" ou o Premio Pardela de Comunicación á traxectoria profesional, entregado polo "Club de Amigos da Unesco".

Realizou exposicións en toda Galicia, Madrid, Barcelona, Suíza, Portugal, Córdoba, Elgöibar, Alemaña, Nova York, Nicaragua e outros.

Os debuxantes alertan da destrución do ecosistema

Por Francisco Puñal Suárez



■ Primer Premio -Elena Ospina- Colombia.

A primeira edición do concurso internacional World Humor Awards, que organiza a Asociación Cultural Lepidus, na cidade italiana de Salsomaggiore, na provincia de Parma, coa súa temática centrada no cambio climático, convírtiuse nunha plataforma valiosa para erxer a voz contra a destrución do

ecosistema do noso planeta. Non temos un planeta de recambio, só temos esta veterana Terra; é deber noso protexela e facela harmoniosa e humana. A nosa forma de sentir e de vivir está directamente relacionada coa contorna que nos rodea - dinnos os caricaturistas cos seus debuxos. A colombiana Elena Ospina gañou

o Primeiro Premio cunha obra que presenta a unha sirena que se queima nun mar disecado. Traballo moito -expresa Elena- desde o absurdo. A sirena é un personaxe mitolóxico e fabuloso, irreal. Sorrimos pensando que ata os personaxes fantásticos poden quedar calcinados. Pero non debemos pensar que o quecemento global é igualmente unha fábula. Parece que os seres humanos imos precisar condicións realmente extremas para reaccionar ante un inminente desastre ecolóxico, no que todos, sen excepción, estamos contribuíndo. Paréceme importante evidenciar, por medio da caricatura e o humor, o desequilibrio que xeramos os seres humanos coas nosas accións. Os caricaturistas non arranzaremos o planeta pero propoñemos puntos de partida para outras miradas.

Outros debuxantes premiados nesta categoría foron: Giacomo Cardelli (Italia); Pawel Kuczynski (Polonia); e Niels Bo Bojesen (Dinamarca). Tamén se outorgaron varias menciones especiais a: Darco (Montenegro); Rainer Ehrt (Alemania); Ilya Katz (Israel) e aos italianos Fabio Finocchioli e Pietro Vanessi. Na categoría de caricatura persoal Achille Superbi (Italia) gañou o máximo galardón cun debuxo do escritor e humorista Giovannino Guareschi.


O xurado estivo composto por Lucio Trojano (Presidente), Giandrea Bianchi, Marco De Angelis, Olivier Raynaud, Marzio Dall'Acqua, e Marzia Marchesi.




■ Giacomo Cardelli- Italia.



■ Niels Bo Bojesen- Dinamarca.



■ Pawel Kuczynski - Polonia.



■ Rainer Ehrt- Alemania

O Novo Farelo

Unha viñeta para Europa 2016

Por Francisco Puñal Suárez



■ Sin título - Agim Sulaj.

As caricaturas de prensa, coa súa carga crítica, son un poderoso medio de comunicación que reflicten distintas problemáticas sociais, e razoan en favor dos principios de solidariedade e multiculturalismo.

A sexta edición do concurso “Unha viñeta para Europa”, creado por Thierry Vissol, representante de Italia na Comisión Europea, acolle unha selección de caricaturas satíricas publicadas, entre o 1 de outubro do

2015 e o 30 de xuño de 2016, nos medios italianos. Este ano o vencedor foi o debuxante danés Niels Bo Bojesen, cunha obra que simboliza as consecuencias do Brexit (saída de Gran Bretaña da Unión Europea), cun choque de coches nunha cruz formada pola bandeira británica.

Ao utilizar -expresa Bojesen - a linguaxe visual de imaxes, estereotipos e símbolos dun xeito humorística e sorprendente, o caricaturista pode explicar os acontecementos, as estruturas, as tendencias políticas e sociolóxicas aparentemente complexas. Deste xeito, nós estamos fortalecendo a democracia ao propiciar que a xente entenda como a política está interconectada cos nosos puntos de vista todos os días.

O segundo premio foi para o ilustrador, xornalista e humorista gráfico italiano Marco De Angelis, coa súa obra “Viaxe”, un duro alegato contra a actitude mezquina e egoísta dunha Europa que nega acollida aos refuxiados que foxen da guerra.

O terceiro premio obtívoo o caricaturista holandés Tjeerd Royaards, que nos mostra unha máquina de moler carne que produce alambre de púas. Tjeerd di: Trato de facer obras que animan á xente a pensar acerca dos seus medos e preguntarlles que si o medo debe dicar a política europea, ou si os nosos valores comúns de liberdade, tolerancia e dereitos humanos deben prevalecer.



■ Brexit - Niels Bo Bojesen

O xurado, integrado por Thierry Visol, Antonia Carparelli, pola Comisión Europea; os xornalistas Tiziana Dei Simone de Radio RAI, Stefania Mascetti de Internazionale, Gian Paolo Accardo de

vencedores de anteriores edicións: Marco Tonus e Marilena Nardi, outorgaron ademais un premio especial a Fabio Magnasciutti, e menciones a Agim Sulaj e Walter Leoni. O premio




■ Máquina de terror - Tjeerd Royaards

Voxeurop, Marco Zatterin da Stampa, e dous caricaturistas do público foi para Giuseppe A Micela,



■ Viaje - Marco DeAngelis



■ Muro - Walter Leoni.

Redacción MÉXICO

O éxito de Termatalia demostra o bo momento que vive o turismo de saúde a nivel mundial

As augas galegas triunfan na Cata Internacional de marcas de Europa e América Latina



■ Stand da Deputación de Ourense en Arteaga-Salttillo-Coahuila (México). Coahuila.

Durante tres días de intensa actividade, Termatalia celebrou a terceira edición en América Latina, convertida nun espazo de capacitación e formación que profesionais de 30 países aproveitaron para ampliar os seus coñecementos no referente ao turismo de saúde. A presenza en feira dos principais destinos termais de América Latina e a participación como relatores e impartindo cursos dos principais expertos mundiais do sector, consolidan a Termatalia na como a principal internacional do turismo de saúde á que a práctica totalidade dos países de Iberoamérica acudiu para promocionarse e, sobre todo, formarse e capacitarse no desenvolvemento dos seus recursos termais. Os expositores mostraron a súa satisfacción polos contactos e reunións realizadas e afirmaron cubrir as súas expectativas.

Cata de Augas

Durante o acto de clausura de Termatalia México foron entregados os premios da 14ª Cata Internacional de Augas que estivo dirixida pola catadora galega Mercedes González. Estes foron as augas gañadoras: Categoría de Auga Mineral Natural sen gas: 1º premio: Auga de Cabreiroá (Galicia). 2º premio: Auga Sa (Galicia). 3º premio: Bioleve (Brasil). Categoría de Auga Mineral Natural con gas carbónico natural: 1º

premio: Magma Orixinal (Verme-la) (Galicia). 2º premio: Pedras Salgadas (Portugal). Categoría de Auga Mineral Natural con gas carbónico engadido: 1º premio: Magma (Verde) (Galicia). 2º premio: Auga Sa (Galicia). 3º premio: Fontenova (Galicia). Categoría de Auga Purificada: 1º premio: Santa María (México). Categoría Envase Innovador: Bioleve Azul (Brasil).

Resultados empresariais

Realizaronse importantes contactos comerciais entre expositores e visitantes. Durante a segunda xornada de Termatalia,

o Laboratorio Dr. Oliver Rodés (España) asinou un acordo coa empresa mexicana "Consulting Profesionais en Saúde, Wellness e Farmacia Hospitalaria" para certificar augas naturais con efectos beneficiosos sobre a saúde en México. En México, non existe aínda lexislación que regule e protexa este tipo de augas que teñen un alto valor polas súas propiedades terapéuticas, e é por iso que o Laboratorio, baseándose na tradición europea e protocolos propios, decidiu abordar o mercado mexicano que ten un gran potencial pola cantidade e calidade deste tipo de augas en toda a República Mexicana.

Segundo Jordi Oliver-Rodés, "grazas a esta certificación aquelas instalacións hostaleiras que teñan augas naturais con propiedades mineiro-medicinais, poderán beneficiarse deste valor diferencial con respecto á súa competencia".

México, potencial termal

Termatalia México é o reflexo do bo momento que atravesamos o turismo de saúde a nivel mundial que leva xa varios anos crescendo a un ritmo do 9% anual. E a celebración desta edición da feira en México serviu para mostrar o potencial do turismo de saúde no

país e a súa capacidade de foco de atracción do turismo norteamericano. O turismo de saúde e benestar neste país supón o 50% dos ingresos no sector de toda América Latina e o Caribe, dato que amplía as posibilidades de negocio das empresas que se decidan a participar nesta cita. Este tipo de turismo que vive un momento de expansión considerable xa que, entre 2007 e 2013 duplicou o seu número de spas, contando na actualidade con máis de 3.000 en todo o país e aos que hai que sumar os máis de 575 baños termais repartidos por toda a súa vasta xeografía. México é un país no que crece anualmente a chegada de turistas estranxeiros que cada vez máis demandan servizos wellness relacionados coas terapias naturais. En 2013 México recibiu 12 millóns de visitantes usuarios da súa oferta de turismo de saúde e benestar, o 60% dos mesmos pertencentes ao mercado nacional mexicano. Isto supuxo uns ingresos de 10.500 millóns de dólares. As previsións ademais son moi positivas e espérase alcanzar en 2017 os 20 millóns de visitantes no sector. Pola súa banda, o Estado de Coahuila tivo a oportunidade de promocionarse internacionalmente como destino termal que conta con 1.142 mananciais de augas minero-medicinais.

Termatalia 2017

Concluída Termatalia México, Expourense comeza a traballarse xa para a celebración de Termatalia 2017 que se celebrará no mes de setembro en Ourense, cidade na que naceu e creceu este proxecto convertido en marca do termalismo mundial. A próxima edición en América Latina será en 2018 nun dos dous países que presentaron oficialmente as súas candidaturas para acoller a feira: Brasil e Colombia. Por Brasil preséntase a rexión de Foz de Iguazú onde están situadas as famosas cataratas que promove o binomio natureza + termalismo. Por parte colombiana, presentouse Departamento de Risaralda, en pleno "eixo cafeeiro" e que combinaría café + termalismo. A organización estudará detidamente as dúas candidaturas e elixirá a sede de 2018 nos próximos meses.



■ Stand do Concello de Ourense.

O IGAPE colabora con Termatalia México

Asinouse en Ourense o convenio que potenciará a celebración de Termatalia en México para xerar novas oportunidades de internacionalización ás empresas galegas. Intervíñeron o director xeral do IGAPE, Javier Aguilera, o presidente do Comité Executivo de Expourense, Juan Carlos Parada, e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín. Segundo Aguilera, “trátase dunha colaboración excepcional para que as empresas do sector turístico e termal de Galicia poidan observar e aprender o que se fai noutros países, do mesmo xeito que fan outros ao vir ata Galicia para aprender do noso saber facer”. Pola súa banda, Parada agradeceu “o gran esforzo que fai o IGAPE para coas empresas galegas e para cos proxectos que organiza Expourense que favorecen o crecemento do sector”. Rubín lembrou que “Galicia e Ourense sempre é e será o centro mundial do proxecto internacional que é Termatalia”. O obxecto deste convenio é apoiar a edición da feira de Termatalia, recoñecida como Feira Comercial



■ Intervención de Alejandro Rubín na sinatura do convenio.

Internacional polo Ministerio de Comercio e Industria do Goberno de España desde 2005, e que desde 2012 rota a súa sede oficial entre Ourense e América Latina (Perú en 2012, Arxentina en 2014 e no presente 2016 México). Esta capacidade de arrastre de todo un sector ao exterior e a súa traxectoria de internacionalización crecentes foron os facto-

res que valoraron desde o IGAPE para a firma deste documento, xa que crea novas posibilidades de negocio para as pemes galegas relacionadas coa cadea de valor da auga e o turismo de saúde e benestar, dun modo máis especial o termalismo e as augas minerais por tratarse dun recurso endógeno de Galicia. Outra das razóns que motivaron o acordo é o po-

tencial da marca Termatalia, xa que alí onde se proxecta, leva implícita a promoción do sector termal de Galicia e o seu “know how” exportable a numerosos mercados, especialmente aos países de América Latina, onde existe unha crecente demanda de servizos como a formación e consultoría, analíticas e equipamentos.

Empresas galegas

A cofinanciación que presta o convenio está dirixida a actuacións que se consideran estratégicas da feira e que contribúen a valorar os produtos e servizos das empresas galegas presentes. A través da recreación dun centro termal, os visitantes verán en funcionamento a piscina e tumbona galegas e as padiolas de masaxes fabricadas en Ourense. Na área de gastronomía saudable promoveranse de mans dun recoñecido chef autóctono produtos agroalimentarios galegos que forman parte dun estilo de vida preventivo. Esta colaboración tamén contempla o centro de negocios da feira internacional, na que os participantes beneficiaranse do servizo de axenda on-line, que permite xerar a cada expositor e visitante profesional reunións bilaterais con empresas dos 25 países. O activo máis importante de Termatalia é o capital relacional que se tece entre os que participan.

Expositores de 35 países participaron en Termatalia México

Baixo o lema “Naturalmente Saudable”, Termatalia celebrou a súa terceira edición en América e a primeira en México, consolidada como marca do termalismo e centro de negocios internacional do sector. Tratouse da única feira especializada en turismo de saúde e benestar que agrupa a Europa e América. Convocou a máis de 200 expositores e a profesionais de máis de 35 países. O Estado mexicano de Coahuila foi epicentro mundial do sector. Á presentación oficial da feira asistiu o subsecretario de turismo do Goberno de Coahuila, Luís Alfonso Rodríguez Garza, que destacou o gran esforzo humano desempeñado para lograr que Termatalia celébrese por primeira vez en México, “feito inédito e de gran transcendencia para o turismo nacional, xa que nos permitirá proxectar o potencial do noso país a nivel internacional”. “Termatalia é o mellor que lle puído pasar ao turismo de México nos últimos anos”, finalizou. O director de Termatalia, Alejandro Rubín, sinalou que “Coahuila mostra ao mundo como facer negocio, xa que representantes 35 países apuntáronse para participar neste evento in-

ternacional”. O director indicou que a feira replica a estrutura que mantén na súa sede oficial en Ourense, capital termal de Galicia, que é a comunidade líder de España en turismo termal. A finalidade desta feira foi fomentar o intercambio de experiencias entre distintos continentes desde un punto de vista empresarial, institucional e social que permitirá obter unha perspectiva global do sector impulsando o mercado estratéxico do turismo termal e de benestar a nivel mundial, á vez que se establecen vínculos científicos e comerciais entre o continente europeo e americano. Ademais, as empresas e entidades expositoras reflectiron o elenco de axentes que interviñeron, desde a captación do recurso da auga ata a comercialización do destino turístico, pasando polo deseño, construción e xestión de centros termais.

Turoperadores

Unha das principais accións foi a Bolsa de Contratación Turística que concentrou a 27 turoperadores de Europa e América, que desenvolveron axenda de traballos cos destinos de turismo de saúde e benestar que participan en Ter-



■ Alejandro Rubín, director de Termatalia, na presentación en México.

matalia, e moi especialmente de México, Coahuila, e Galicia (rexión española de orixe do proxecto). De forma paralela a Termatalia celébrase cada ano o Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo. Tratouse dunha serie de foros e xornadas técnicas que abordaron o sector desde unha perspectiva multidisciplinar (turística, médica, ambiental, legal, económica, etc.).

Esta edición reuniu a 48 expertos procedentes de 15 países. Desenvolveuse en tres días en catro bloques temáticos: a Xornada sobre Turismo, Innovación e Sustentabilidade; Sesión Científica sobre Hidroterapia e Hidrología Médica; a Sesión sobre Xestión do Negocio Spa, Termal e Talasoterapia e o Encontro de Cidades Termais. Este programa complementouse cunha ampla oferta de

cursos de capacitación impartidos por reputados expertos internacionais e destinados a diferentes profesionais como médicos, hostaleiros, axentes de viaxes, xerentes de centros termais e spa, terapeutas, etc. A multidisciplinidade de Termatalia lévaa a promocionar e fomentar en cada unha das súas accións a “cultura da auga”. A feira contou con tres puntos dinamizadores importantes: Centro Termal, que recrea as distintas áreas e equipamentos que ofrecen este tipo de instalacións dotadas das últimas tecnoloxías; Bar de Augas, que ofrece a degustación gratuíta de augas envasadas de diferentes países para fomentar o seu consumo e as súas indicacións para a saúde e, por último, os asistentes á feira gozan dun tratamento na área de Relax e Benestar, xestionado pola Asociación Lationamericana de Spa. Termatalia contou cun espazo dedicado á alimentación sustentable desde a que promover hábitos saudables. A área de Gastronomía Saudable contou con exhibicións gastronómicas diarias a cargo de chefs de España, México, Arxentina e Costa Rica.

Rampa de Santa Luzia: todos foram vencedores

Texto e fotos de: Miguel Castro (Minho Digital)



Com quase duas centenas de participantes presentes, a 3ª edição da Rampa de Santa Luzia terminou em ambiente de verdadeira festa. Ao longo de dois dias, Viana do Castelo encheu com o colorido dos automóveis e vibrou com o re-editar da histórica rampa que, apesar do seu cariz meramente lúdico,

muitos e bons carros, muito público e em segurança e bastante espetáculo na subida ao Monte de Santa Luzia.

Responsável máximo do evento, João Peixoto destacava no final “a excelente postura e sentido de responsabilidade de todos os intervenientes, aos quais quero desde já agradecer, sejam eles

mesmo o público. Sabemos que há muitos aspectos onde podemos melhorar e esperamos con-

“aguerridas” com que alguns fizeram questão de brindar a quem assistia, sendo o ponto alto do

“Foi de facto magnífico termos cá em Viana do Castelo este lote de pilotos, vários deles aqui da nossa região do Alto Minho e nem mesmo alguma pressão inicial por parte da entidade máxima que regula o desporto automóvel em Portugal conseguiu impedir a que a Rampa de Santa Luzia fosse uma verdadeira festa do automobilismo mesmo que apenas com subidas demonstrativas”, apontava João Peixoto, realçando que “todos os pilotos federados que estiveram neste evento cumpriram todas as normas de segurança e não incorreram em qualquer irregularidade quanto às regulamentações federativas, estando por isso salvaguardados.

Não posso terminar sem deixar um enorme agradecimento a todos os membros do Viana Motor Clube, à PSP e à Câmara Municipal de Viana do Castelo bem como aos nossos patrocinadores, a Triauto, a Medisil, a Expressglass, a Uselabel e a



conseguiu reunir os ingredientes necessários para que o balanço se resuma a um grandioso sucesso:

participantes, elementos organizativos, forças da autoridade, órgãos de comunicação social e

seguir no futuro tornar este evento em algo ainda melhor.

Só posso considerar que este evento foi um enorme sucesso por todo o impacto que o mesmo causa e pelo numeroso público que atrai. Da parte dos participantes, termos reunido um impressionante número de inscritos, julgo que resume da melhor forma tudo o que foi esta Rampa de Santa Luzia.”

Divididos entre 4 séries diferentes, às quais se juntou ainda uma concentração de clássicos, os quase 200 participantes fizeram as delícias dos espectadores tanto pela qualidade dos automóveis como pelas subidas mais

fim de semana a última série dedicada aos verdadeiros carros de competição que se fizeram notar em força.

Confraria de Santa Luzia, pois eles foram parte fundamental para que tudo tenha corrido pelo melhor.”



Galicia

Redacción OURENSE

O historiador e etnógrafo portugués António Lourenço Fontes recibiu o premio “Celanova Casa dos Poetas”

O historiador e etnógrafo portugués António Lourenço Fontes recibiu o premio “Celanova Casa dos Poetas”. O galardón outorgado pola Fundación Curros Enríquez e que conta co apoio da Consellería de Cultura reconece dende hai 32 anos traxectorias no campo da defensa da Cultura Galega. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, loou a ampla traxectoria do padre Fontes, “que abrangue a investigación, pero tamén a xestión cultural ou o desenvolvemento rural”, e expresou a súa satisfacción polo feito de que o premio recaese nun home que é “tan galego como portugués, pois ignora deliberadamente a existencia de calquera fronteira administrativa que queira estar por riba das continuidades culturais e humanas que unen os dous lados da Raia”. Ademais do secretario xeral de Política Lingüística, que lle entregou ao galardoado un diploma acreditativo, interviñeron no acto José Luís Ferro Iglesias, alcalde de Celanova e presidente da Fundación Curros Enríquez, que lle entregou a medalla, obra de Acisclo Manzano, que alude e reivindica os tres grandes poetas de Celanova; Antonio Piñeiro Feijóo,



■ O galardón foi entregado na Horta da Palabra da celanovense Casa dos Poetas.

secretario da Fundación, que leu a acta; David José Varela Teixeira, vicepresidente da Cámara Municipal de Montalegre, que foi o encargado das palabras de gabanza relativas ao Padre Fontes, e o propio António Lourenço Fontes, que agradeceu o galardón. No acto participou tamén o presidente da Cámara Municipal de Montalegre, Manuel Orlando Fernandes Alves. A entrega de premios, que se fai

coincidir co cabodano de Celso Emilio Ferreiro, estivo precedida por unha ofrenda floral ante o monumento ao poeta falecido hai 37 anos.

Cultura trasmontana

O premio reconece traxectorias históricas no campo da defensa da cultura galega e de Galicia. O 5 de agosto de 2016, o xurado da

XXXII edición deste galardón decidiu por unanimidade reconecer o labor do historiador e etnógrafo portugués Antonio Lourenço Fontes, máis coñecido no ámbito da Raia Seca como Padre Fontes, “pola súa contribución á divulgación e ao coñecemento da cultura trasmontana, tan identificativa dos pobos das Terras do Barroso e de todo o norte de Portugal coma destoutros espazos que se enmar-

can no triángulo ferriniano que debuxan os vertices de Montalegre, Celanova e Arcos de Valdevez”. Editor de varias obras imprescindibles para coñecer a etnografía e a antropoloxía barrosa -entre as que se encontran “Etnografía Trasmontana” ou “Antropoloxía de Medicina Popular”-, o padre Fontes foi tamén o fundador en 1971 do xornal mensual “Noticias do Barroso”, que aínda se mantén activo na rede. Animador dun sen fin de iniciativas, coma os Congresos Internacionais de Medicina Popular”, da súa man naceron as “Noites das Bruxas”, que hoxe viñeron dar na multitudinaria celebración das “Sexta feira-trece” que, cada noite que coincide en venres 13, convoca milleiros de visitantes a carón da fortaleza de Montealegre. O xurado destaca tamén o seu papel no ámbito do desenvolvemento rural, coa posta en marcha das hospederías Hotel Rural Señora dos Remedios e Casa Fontes no municipio de Montealegre, así como o seu ineludible compromiso social coas xentes da súa terra “a través do seu exercicio como párroco de Vilar de Perdices e doutras freguesías do concello de Montealegre”.

Control dos produtos vitivinícolas

A Subdelegación do Goberno controlará por estrada e en adega a entrada nas denominacións de orixe de uva foránea. O subdelegado do Goberno, Roberto Castro, mantivo unha reunión cos representantes das catro denominacións de orixe da provincia, Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras, e representantes doutras administracións e membros das Forzas e Corpos de Seguridade para o control dos produtos vitivinícolas. Unha cita anual na que unha vez máis os representantes das denominacións de orixe pediron o máximo control posible para evitar que se “coen” uvas doutras zonas que non sexan as amparadas. Que só entre ás adegas uva do respectiva denominación foi o cometido da reunión. Na vendima móvense moitas uvas doutras partes do territorio español, como Castela León, A Mancha, O Bierzo, e segundo o subdelegado do Goberno “preténdese coordinar actuacións para que as denominacións poidan defender de posibles entradas de



■ A reunión celebrouse na Subdelegación do Goberno.

uva foránea, que se detecten e non entren nas adegas amparadas”. Con todo, aclara que se esas uvas chegan para o uso de particulares que queiran facer o seu propio viño “non hai problema”.

Transporte

Destaca que algunhas veces prodúcese este tipo de movementos de uva foránea nalgunhas adegas amparadas e ás denominacións “custoulles moito traballo adquirir

un prestixio e unha marca para que se atopen con que lles introducen uvas doutra parte”. Acorouse facer controis de camiões que transporten uva, por parte da Garda Civil, e en adegas tamén

para saber se a que chega é dun produtor amparado ou “se nos enfrontamos a algo fraudulento a través deas transporte doutras partes do territorio español”. Sinala que cada denominación ten os seus propios vedores que tamén garanten que esa uva sexa controlada. Explica que cada ano eses controis valoran o rendemento por hectáreas e, se por exemplo, na Ribeira Sacra onde este ano houbo tormentas que produciron danos e reduciu a produción, resulta que entra a adega algo similar ao do ano pasado, entón “algo pasa”. Os vedores en adega, e a Garda Civil e a policía, no seu caso autonómica e nacional, controlarán os camiões e pediránlles os seus guías de produtos de orixe e o destino. Dixo Castro que “sempre que lles convocamos pídennos que extrememos os nosos controis, facer un esforzo engadido, e creo que imos facelo sen dificultade, porque é unha maneira de protexer a nosa calidade, prestixio, e evitar esa fraude”.

Catro concelleiras achegan boas prácticas en igualdade de xénero a edís mozambicanas



Concelleiras de catro municipios socios Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade achegarán hoxe a súa experiencia en equidade de xénero ás edís e alcaldesas que conforman a Rede de Mulleres Autarcas de Mozambique. As concelleiras de Igualdade de Lugo, Moaña e San Sadurniño, e mais a edil de Cultura do Concello de Verín participan desde onte no encontro nacional organizado en Maputo polas súas homólogas africanas. Ana G. Abelleira, María Ortega, Ana B. Gundín e Emilia Somoza compartirán boas prácticas no eido das políticas municipais de xénero e darán algunhas claves para favorecer a participación das mulleres na política local.

As catro concelleiras, canda a técnica do Fondo Galego Carmen Novas, áchanse en Mozambique desde o luns, día no que iniciaron o seu percorrido visitando o municipio de Mandlakaze da man da súa alcaldesa e presidenta da RMAM, María Helena Correia, quen xa visitara varios concellos galegos. Alí tiveron a oportunidade de intercambiar impresións non só cos membros da Corporación, que repre-

saron as súas dificultades para ofrecer os servizos de saúde, educación, arranxo de estradas ou abastecemento de auga, senón tamén con emprendedoras locais ou con mulleres cabeza de familia, unha realidade habitual no país lusófono que adoita levar ás mulleres e ás súas fillas e fillos a unha situación vulnerable.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 88 concellos e as deputacións da Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido uns 150 proxectos en 30 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.



Miscelanea

O Congreso dos Deputados debate unha PNL presentada por En Marea



A Comisión de Industria, Enerxía e Turismo do Congreso dos Deputados inclúe na orde do día da sesión que se celebrará mañá mércores, 5 de outubro, a Proposición non de Lei presentada por En Marea, a iniciativa da súa deputada Yolanda Díaz, relativa ás previsións do Goberno para garantir as condicións e o calendario das subastas de adjudicación do servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade do suministro eléctrico.

Nesta iniciativa, En Marea insta ao Goberno a explicar as razóns polas que, de acordo coa regulación vixente, a Secreta-

ría de Estado de Enerxía non fixo públicas as condicións e o calendario das subastas de adjudicación do servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade.

Asemesmo, Yolanda Díaz indica nesta PNL que considerando as repercusións da situación actual para a viabilidade e o emprego de moitas industrias e en particular as electrointensivas, como é o caso de ALCOA, o Goberno debería tomar algunha medida para remediar esta situación.

Finalmente, En Marea insta ao Goberno a publicar, de xeito urxente, a información necesaria para proceder á realización das subastas.

ONDA ROSA

CAMINHADAS SOLIDARIAS
23 outubro
9:00H

PREVINE O CANCRO DA MAMA
Participa
inscricións on-line
GOOGLE+EVENTS

e-mail
SERVICIOS@DASISUD-ROSA.COM

valor
3 EURO. CANTAS SE APOIARON

percursos
CANTAS SE APOIARON

Locais de saída
CASA DO POVO DE TANGIL
JUNTA DE PREGUEIRA DE PIAS
PARQUE DAS CALDAS

ONGAÇÃO

A Casa de Galicia acolle a presentación en Madrid do Clon do Pergamiño Vindel realizado por M. Moleiro

O testemuño máis valioso da lírica trovadorescagalego-portuguesa pode admirarse xunto a unha selección de obras mestras clonadas por Moleiro

A Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia acolle un relevante evento cultural: a presentación en Madrid do clon do Pergamiño Vindel, o testemuño máis valioso da lírica trovadorescagalego-portuguesa, que contén as Cantigas de amigo de MartinCodax, realizado pola prestixiosa firma editorial M. Moleiro. Poderá admirarse desde hoxe e ata o próximo día 28 nas instalacións da Casa xunto a unha exquisita selección de máis dunha vintena de obras mestras da arte da iluminación, clonadas por Moleiro, que compoñen a mostra "Tesouros bibliográficos (s.X-XVI): a arte e o xenio ao servizo do poder". Tanto a mostra como o Pergamiño Vindel, que forma parte dela, foron presentados hoxe aos medios de comunicación. Na presentación interviñeron o delegado da Xunta de Galicia en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega López, o presidente de M. Moleiro Editor, Manuel Moleiro Rodríguez, e a profesora de Filoloxía Galega da Univer-

sidade de Santiago de Compostela, coordinadora e coautora do libro de estudos do Pergamiño Vindel, quen o próximo día 10 ofrecerá na Casa a conferencia "Un enigma desvelado: o Pergamiño Vindel". Ónega, que presentou aos intervinientes, apreciou que "hoxe é un día importante no que a cultura na súa máxima expresión está nesta Casa" e tivo palabras de eloxio para o labor que realiza Manuel Moleiro, do que dixo que "é un creador, un mago que resucita a historia, un artífice inspirado que recrea o pasado porque o pasado resucítalo coa súa obra, recobrando a historia do home". Destacou así mesmo que na exposición "exhibense clons de códices catalogados como obras mestras da historia da arte, pintados entre os séculos X e XVI polos pintores máis importantes da época para emperadores, reis e Papas", así como que a estrela desta colección "é o denominado Pergamiño Vindel, que se presenta acompañado do seu libro de estudos". Tamén Moleiro resaltou a importancia do Pergamiño Vindel, do que dixo que "é a obra máis valiosa da lírica galego-portuguesa", foi copiado na segunda metade do século XIII e "non só contén as sete 'cantigas de amigo' escritas polo xograr galego MartinCodax, senón que é o único testemuño conservado de 'cantigas de amigo' con notación musical". Explicou que o seu orixinal consérvase actualmente en The MorganLibrary&Museum, en Nova York, e que o achado do Pergamiño Vindel foi froito do azar: "En 1914 Pedro Vindel, libreiro-anticuario de Madrid, do cal recibe o seu nome, atopouno como parte da encadernación dun exemplar manuscrito do 'De officiis' de Cicerón". "A edición acompaña dun libro



■ Periodistas interesándose pola exposición

de estudos, o máis exhaustivo publicado ata a data, trilingüe castelán-galego-inglés, a cargo dun equipo internacional de cinco expertos de recoñecido prestixio coordinados pola doutora Mariña Arbor Aldea, profesora de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, e cun prefacio do profesor emérito HarveySharrer, da Universidade de California", expuxo, engadindo que a edición inclúe, ademais, un CD no que a soprano Speranza Cerullo canta as Cantigas de MartinCodax tal e como se compuxeron. As cancións graváronse nunha contorna

de estudos, o máis exhaustivo publicado ata a data, trilingüe castelán-galego-inglés, a cargo dun equipo internacional de cinco expertos de recoñecido prestixio coordinados pola doutora Mariña Arbor Aldea, profesora de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, e cun prefacio do profesor emérito HarveySharrer, da Universidade de California", expuxo, engadindo que a edición inclúe, ademais, un CD no que a soprano Speranza Cerullo canta as Cantigas de MartinCodax tal e como se compuxeron. As cancións graváronse nunha contorna

lable, a igrexa de Pieve di San Martino, en SestoFiorentino, Florencia.

Pola súa banda, Arbor explicou que "o libro de estudos sobre o Pergamiño Vindel editado por M. Moleiro é o máis completo e exhaustivo, tamén desde o punto de vista científico, preparado ata a data", precisando que "desvela moitas das cuestións, que ata agora constituían unha incógnita, relativas ao bifolio que copia as Cantigas de amigo do xograr galego MartinCodax, datado na segunda metade do século XIII". "Por primeira vez analízase o manuscrito en todas as súas vertentes: histórica, codicológica, paleográfica e musical, ademais de editarse e estudarse filológicamente o texto das cantigas. Entre outros descubrimentos, este estudo revela que o Pergamiño Vindel formou parte dun volume encadernado máis amplo e que a súa preparación realizouse nun 'scriptorium' rico, moi ben dotado de medios humanos e materiais. Así, sabemos que nel traballaron, ademais de polo menos un músico, dous copistas e dous rubricadores", expuxo. "No aspecto musical, detéctanse similitudes cos códices da segunda metade do século XIII que transmiten as Cantigas de Santa María e coa música medieval francesa, circunstancia que mostra a interrelación e influencia que existía entre os reinos peninsulares e europeos", engadiu sobre a obra.



■ Manuel Moleiro, o delegado da Xunta, José Ramon Onega, e Marina Arbo R, na presentación